



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e catro de novembro do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total once dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 29 DE SETEMBRO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Sr. González Pardal. Di que nesa acta, dado que el non estaba, en relación cunha pregunta do PGD sobre o problema no abastecemento de auga dos veciños de Cruces, aclara que está dentro dun proxecto de abastecemento de auga de Cruces, Areal e alcantarillado de Muíños e non está realizado porque a súa familia ten que aportar o vó dunha finca e di que non se opoñen a asinar senón que están pendentes dun papel do Xulgado para facelo.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 17 DE OUTUBRO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o dezasete de outubro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 2 DE NOVEMBRO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o dous de novembro de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

4.- COMPATIBILIDADE SOLICITADA POLA CONCELEIRA DONA LORENA COUSO DOPAZO PARA O EXERCIZO DUNHA ACTIVIDADE PRIVADA.

Sendo as vinte horas e seis minutos, con carácter previo ao debate e votación do asunto, auséntase da sesión a señora Couso Dopazo en cumprimento do establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.


Seguidamente, dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo do Pleno da Corporación municipal do 2 de xullo de 2015 aprobouse, entre outras cuestións, o recoñecemento da dedicación parcial para diversos concelleiros que ostentan delegacións específicas, fixéronse as retribucións destes cargos e recoñeceuse a compatibilidade de tres dos concelleiros con adicación parcial.

Segundo. O anterior acordo notificouse ás persoas interesadas e todas elas aceptaron o réxime de adicación. No Pleno do 30 de xullo de 2015 dase conta desta aceptación.

Terceiro. O 13 de xullo do 2015 publícase no BOP número 130 o acordo anterior e posteriormente publícase no Portal de transparencia.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. Por resolución 848/2015, do 23 de decembro, delégase na Concelleira Lorena Couso Dopazo as seguintes áreas incluíndo exclusivamente as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes: cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado e política lingüística.

Quinto. O 14 de outubro de 2016 a Concelleira delegada presenta no rexistro municipal solicitude de compatibilidade do posto de Concelleira coa actividade profesional de técnico superior en axencias de viaxe e organización de eventos.

Sexto. Por Providencia do señor Alcalde do 11 de novembro de 2016 solicítase á secretaria municipal a emisión de informe sobre a solicitude presentada, o cal resulta emitido o día 14.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que no acordo plenario do 2 de xullo de 2015 estableceuse que ao cargo de Concelleiro delegado de cultura (e as outras 7 áreas máis) correspóndelle unha dedicación parcial de 16 horas semanais e unha retribución bruta anual, incluídas 2 pagas extraordinarias, de 11.500,00 euros.

Segundo. Considerando o informado pola secretaria municipal o 14 de novembro de 2016, cuxos argumentos son asumidos no presente acordo como motivación en base ao establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), que di:

<<Partindo pois de que a Concelleira ten unha adicación parcial ao cargo debemos acudir á regulación que das incompatibilidades realiza a LIC que resulta de aplicación aos membros electos das Corporacións Locais segundo o seu artigo 1. As regras básicas das que parte esta Lei son:

– O principio básico de que será incompatible co cargo, neste caso de concelleira, calquera profesión ou actividade, pública ou privada, que poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

– Para entender compatible un cargo público con dedicación parcial cunha actividade privada, ben sexa por conta propia ou baixo a dependencia doutro, a actividade privada non debe relacionarse directamente coas que se desenvolvan no departamento ou área na que presta servizos.

Neste sentido a solicitude presentada explicita que a actividade profesional a desenvolver o sería para empresas que non teñan ningún tipo de vinculación co Concello de Padrón (debendo entender por vinculación que non lle presten, a día de hoxe ou nun futuro, servizos de calquera tipo) e que ademais o ámbito territorial onde se desenvolvería sería fóra do término municipal de Padrón. Sendo así, entendemos que se cumpren ambas normas.

Ben é verdade que tratándose de axencias de viaxes ou organización de eventos estas poderían querer prestar servizos ao Concello nas áreas delegadas na señora Couso Dopazo. Non obstante, sempre que se respeten estas dúas limitacións (que non presten servizos a Padrón e que sexa fóra do término municipal) entendemos que a debida imparcialidade ou independencia da Concelleira non se ve comprometida.

Segundo. *En canto ao horario a única limitación establecida legalmente é a prevista no artigo 12.2 da lei citada: si a actividade privada require unha xornada igual ou superior á metade da esixida na actividade pública, tan só se poderá autorizar para aqueles cargos ou postos que se desenvolven a tempo parcial. É dicir, sempre que a dedicación sexa parcial non existe límite horario. Tan só sería necesario cumprir o réxime previsto no acordo plenario do 2 de xullo de 2015: 16 horas á semana.*

E en canto ás retribucións establécense dúas limitacións no artigo 16 da LIC, que xa adiantamos que no presente suposto non se dan:

– A retribución polo cargo público non poderá incluír factor de incompatibilidade.

– O complemento específico ou concepto equiparable non pode superar o 30% da retribución básica (excluída antigüidade de ser o caso).

As retribucións dos cargos electos no Concello de Padrón non levan aparelado ningún tipo de complemento.

Terceiro. Por último sinalar que non estamos ante ningún dos supostos de incompatibilidade relacionados no artigo 178 da LOREX e que o órgano competente para resolver a petición é o Pleno da Corporación Municipal dado que así o establece o artigo 14 da LIC e que o prazo máximo para resolver este tipo de solicitudes será de 2 meses.

De aprobarse, o acordo de compatibilidade deberá publicarse no portal de transparencia por establecelo así o artigo 8.1.h) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a interesada deberá actualizar a súa declaración de posibles causas de incompatibilidade e de actividades económicas.

Conclusión. Informamos favorablemente a solicitude de compatibilidade presentada pola Concelleira dona Lorena Couso Dopazo sempre e cando se cumpran as limitacións recollidas na propia solicitude e que se citan no apartado primeiro deste informe.>>

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro. Conceder a dona Lorena Couso Dopazo, concelleira delegada das áreas de cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística e información e comunicación, a compatibilidade para desenvolver actividade privada profesional como técnico superior en axencias de viaxes e organización de eventos en empresas sempre e cando estas non teñan vinculación algunha co Concello de Padrón e a actividade se desenvolva fóra do término municipal de Padrón.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a súa inserción no Portal de transparencia do Concello de Padrón.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Conde. Di que a concelleira ten unha adicación parcial de 11.500 € brutos anuais, é a concelleira de Cultura, Turismo, Comercio, Casco histórico, Igualdade e Muller, Xuventude e voluntariado, Política Lingüística e Información e comunicación, e ten unhas horas que teñen que ser destinadas ao servizo público e atención ao cidadán que soen ser pola mañá e a súa actividade profesional é a de técnico superior en axencias de viaxes e organización de eventos de empresas. Que tendo en conta o anterior terían claro o voto pero o que lles deciciu a non poñer trabas a esta proposta é o informe de secretaria que é favorable, pero pon unhas limitación e a súa función, como oposición, vai ser a de comprobar que esas limitacións non se sobrepasen por parte da concelleira.

Sr. Alcalde. Aclara que na mesma solicitude de compatibilidade que facía a concelleira xa di que cando estas non teñan vinculación ningunha con Padrón e a actividade sexa fóra do termo municipal.

Sra. Rey Pazos. Di que na comisión informativa xa expresou as súas dúbidas sobre a función de fiscalización e como a poderían levar a cabo pero tamén é verdade que a secretaria nesa comisión dixo que ese control podía



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

levarse a través das declaracións que fan os concelleiros conforme a Lei de transparencia. Que eles tamén se van abster e seguirán fiscalizando as funcións do goberno.

Sr. González Pardal. Pregunta que, no caso de que houbera unha contratación, si prevalecería a contratación ou o Concello.

Sr. Alcalde. Contesta que non prevalece un sobre outro, senón que depende do acto ou da importancia do acto.

Sr. González Pardal. Pregunta si sería compatible se houbera traballado antes do día de hoxe.

Sr. Alcalde. Entende que si e pregunta á señora secretaria.

Sra. Secretaria. Contesta que sempre que se manteñan esas limitacións, si.

Sr. González Pardal. Pregunta por que se pide logo aquí esa compatibilidade.

Sr. Alcalde. Contesta porque se debe pedir a compatibilidade e por lei ten dereito a solicitala.

Sr. González Pardal. Dille que entón non afectaría para nada.

Sra. Secretaria. Aclara que as limitacións están postas para que ningunha empresa, para a cal traballe esta concelleira, poida contratar co concello de Padrón; é unha prohibición para contratar e polo tanto esa empresa nunca vai poder contratar un evento co Concello.

Sr. González Pardal. Pregunta si unha empresa que xa traballou para o Concello de Padrón a pode contratar a ela ou si unha empresa que está traballando para o Concello a contrata para un traballo fóra de Padrón.

Sra. Secretaria. Di que si está traballando para o Concello de Padrón, non; se traballou con anterioridade si porque a compatibilidade ten efectos a partires de agora.

Sr. Alcalde. Puntualiza que non é para sempre senón que hai unha prohibición dos dous anos posteriores.

Sr. González Pardal. Di que xa se deu noutros casos, con outras concelleiras que pediron a compatibilidade para traballar cunhas empresas que xa tiñan traballado para o Concello e despois de cesar como concelleira traballaba nesa empresa que xa tiña traballado para o Concello. Que non sabe si se vai seguir con esa dinámica de traballar nesas empresas que xa traballaban para o Concello. Pregunta se iso é compatible ou non é compatible.

Sra. Secretaria. Aclara que se unha vez unha empresa prestou servizos no concello e a concelleira mañá é contratada por esa empresa, a compatibilidade é a partir de agora e non hai limitación legal co que pasou antes. Que o que se falou dos dous anos é cando alguén abandona o posto de concelleiro electo, que non hai máis limitacións legais.

Sr. Forján Seoane. Di que, se pode ter a compatibilidade, non ten ningún problema, pero que a pregunta do señor González Pardal quedou sen contestar porque preguntaba sobre: unha persoa que esté na Corporación, con compatibilidade ou sen ela, que contrata cunha empresa e unha vez que deixa o goberno vai traballar a esa empresa.

Sr. Alcalde. Contesta que para a empresa si que pode, pero non pode traballar para o concello. Pon un exemplo: que si el mañá marcha e deixa de ser alcalde para traballar como avogado, en dous anos non pode traballar de avogado representando ao Concello de Padrón.

Sr. Rodríguez Conde. Entende que se está a falar do caso dunha persoa que estaba aquí anteriormente.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dous (2), emitidos polos concelleiros do PP, señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

ABSTENCIÓNS: Sete (7), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría da concelleira e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 15 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

Sendo as vinte horas e dezaseis minutos incorpórase á sesión a señora Couso Dopazo.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O CENTRO DE XESTIÓN AMBIENTAL DE LOUSAME.

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

O Diario Oficial de Galiza nº 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste S.L., no concello de Lousaem (A Coruña).

Analizada a documentación sometida a información pública, logo nos decatamos de que a súa denominación como "centro de xestión ambiental", non é mais que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Un macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a SOGAMA, tendo previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 10.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80% (máis das 3/4 partes) rematará no vertedoiro.

Se debullamos polo miúdo o proxecto,, atopamos que malia á insistencia en presentalo como unha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais, só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustible para os fornos das cimenteiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2010 da Xunta de Galiza.

É público e notorio que o BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos 3Rs (redución, reutilización e reciclaxe) e no impulso da compostaxe que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.

Acordo.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Lousame, a adopción do seguinte

Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa "Gestora de Residuos del Noroeste, S.L.", por lesivo para o medio ambiente, así como para os intereses xerais do noso concello, personándose no expediente administrativo de referencia (clave 2015-IPPC-I-82), sometido a información pública e formulando cantas alegacións sexan necesarias a fin de evitar a construción do vertedoiro a situar nas inmediacións do Monte Culou, no termo municipal de Lousame.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló. Informa que esta planta non ten nada que ver co centro de residuos de Lousame, onde actualmente están levando os residuos Rois e Dodro, senón que é a instalación dunha pequena Sogama



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

que ten máis que demostrado a súa incapacidade e a súa inviabilidade no Barbanza, que segue a mesma política e vai prantexar un problema para os próximos dez anos e a solución máis lóxica sería a ampliación da planta de reciclaxe de Lousame. Que este proxecto causa confusión e pode chegar a pensarse que é unha ampliación do actual, pero non é así. Que pide ao pleno da Corporación que se manifeste en contra da instalación coas consecuencias que pode conlevar para Padrón. Que xa se pideu aquí a posibilidade de saír de Sogama e de integrarse no centro de Lousame, antes de que se incorporara Rianxo, e agora xa non se pode porque non ten capacidade suficiente, pero daquela si podería ser. Que si se leva a cabo ese plantexamento queda inviabilizada a ampliación e a posible incorporación de Padrón nun modelo de xestión defendible e con outros valores ambientais, polo que coida compete ao Concello manifestarse e que cada grupo adopte a posición que considere ao respecto.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que, indagando sobre esta moción, ve que hai varios partidos con representación a nivel europeo presentaron preguntas na comisión sobre ese macro-vertedoiro previsto en Lousame e a intención destas formacións é denunciar tanto os proxectos de residuos industriais coma as posibles verteduras de augas residuais que se están producindo a raíz da apertura da mina de San Finx. Que a un concello como o de Lousame se lle pode complicar a vida a nivel ambiental. Que van apoiar a moción do BNG.

Sra. Rey Pazos. Manifesta que entende que non hai moito interese en debatir a súa moción sobre a baixada das retribucións salariais do equipo de goberno e por iso está no punto 23 da orde do día, e aproveita para dicir que dado que as mocións que presentaron os seus compañeiros non requiren moito debate porque practicamente están de acordo con todas elas, vai intentar intervir o menos posible para intentar chegar á súa moción.

Sr. Alcalde. Por alusións dille que non hai ningún inconveniente en debatir a moción de VP sobre a baixada das retribucións ao Alcalde e ao resto dos concelleiros, como si cambian a orde do día e se debate agora mesmo, pero si foi de número 23 é porque se debateu na Comisión de urxencia e ía no punto 23 e a única diferenza sería poñela de 22 dado que presentou dúas mocións, unha da axenta do alcalde e outra esta, que podería ir de 22 ou 23 e non hai outro que o estrito orde que correspondía.

Sra. Rey Pazos. Di que acepta a oferta e quere que se debata agora se pode ser pero engade que non é verdade porque as súas mocións de urxencia, quitando as de cinco do señor Rodríguez Carbia e as do señor Santaló Ríos que estaban antes, estaban rexistradas antes que as do señor Forján Seoane e as do señor González Pardal.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora Secretaria si depois de debatir a que se está debatendo agora se pode adiantar o punto 23.

Sra. Secretaria. Contesta que se pode alterar a orde do día polo Presidente por motivos xustificadas.

Sr. Forján Seoane. Di que pola súa parte vai axilizar o debate para que vaia pola súa orde e se poida chegar á 23.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que eles levaron varias veces mocións con respecto a baixadas de retribucións e sempre se debatiron. Pensa que non vai haber ningún problema para debatila.

Sr. Alcalde. Di que se lle está quitando protagonismo á moción do BNG que é a que se está debatindo, e ao finalizar de votar esta moción fálase con secretaría polos motivos de que vaia na orde de nº 23 e se decide se vai de número 23 ou non.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta porque é mais prioritaria a de VP que a de AxP, por exemplo.

Sr. Alcalde. Interrumpe o debate e explica que se está faltando á moción do BNG, polo que lles retira a palabra e prosigue coa quenda de debate da presente moción.

Sr. Forján Seoane. Di que tamén está de acordo coa moción do BNG.

Sr. Alcalde. Di que se van abster polo motivo de ter que persoarse como Concello no expediente administrativo e facer alegacións á construción.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG presentada o 26 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora secretaria si houbo algunha alteración para que a moción de VP fora de última ou é a orde que lle correspondía.

Sra. Secretaria. Contesta que por defecto sempre se saca a orde do día primeiro cos puntos da Comisión Informativa A), logo a B) e logo a C) e as mocións de urxencia pola orde na que se trataron na Comisión Informativa correspondente.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A "PROPOSICIÓN DE LEI ORGÁNICA DE TRANSFERENCIA DA TITULARIDADE E COMPETENCIAS DA AP-9 Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA".

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta via ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo eficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galicia, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidísemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos das peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Con esta moción pretendemos que a Corporación de...tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia de titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais, para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoñía un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto,, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a oder facer valer.

Acordo.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello esta moción proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza.
- 2.- Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobalas nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
- 3.- Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP-9.
- 4.- Trasladar este acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza e nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que o que se pide nesta moción é o posicionamento claro do Parlamento e de todos os grupos políticos, especialmente o PP, sobre o rescate e o traspaso da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza. Que sabe que recentemente se aprobaron estas demandas no Parlamento de Galiza e en outubro o goberno do PP, alegando que resultaría moi custoso, paralizou o proceso e agora o señor Presidente da Xunta, en declaracións recentes, dixo que vai ser moi difícil. Que esta concesión é do ano 1973 e no ano 2000 o goberno do señor Aznar a ampliou ata o ano 2028, esgotando o máximo legal de 75 anos ata o que se poden prorrogar estas concesións. Que só hai tres estradas que están nesta situación e dúas delas están en Galiza, unha a AP-9. Que no ano 2003 se procedeu á privatización de Audasa. Que é a autopista que aplica menos descontos de todo o Estado porque o usuario está obrigado a empregala. Que hai cartos para rescatar as autovías radiais de Madrid, que se fixeron fai uns anos, e para isto non. Que sobran argumentos e incluso ao Presidente da Xunta lle é moi difícil negalo, pero cando chega a hora da

verdade non son capaces de enfrontarse en Madrid coa realidade e acaban claudicando sempre polos intereses do partido.

Sr. Alcalde. Comenta que eles están a favor.

Sr. Santaló Ríos. Dille que se note en todas partes.

Sr. Alcalde. Contesta que xa se nota e de feito xa se debatiu cunha moción presentada por un grupo político que non está nesta lexislatura.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está de acordo coa moción e, de feito, antes de que venceran eses 25 anos tiñan levado a pleno unha moción que tamén se aprobara, aínda que foi unha moción que quedou en nada. Que está de acordo coa transferencia da titularidade da AP-9 porque é o eixo vertebrador de comunicación que ten Galicia e nos achega a Portugal e dalgunha maneira nos debería tamén achegar a outros países e outras autonomías veciñas, como as que nestes momentos están unidas pola transcantábrica, case 400 km de autoestrada gratuítuos, e en cambio desde Coruña a Vigo, de 200 km escasos, existen infinidade de peaxes que son os máis caros de España. Avoga pola revogación da concesión e a supresión das peaxes, que é unha maneira de liberalizar tráfico na N-550 que nestes momentos está totalmente desbordada e aos padroneses lle saería moi beneficioso, polo que vai votar a favor da moción que presenta o BNG.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que os galegos levan pagado máis de 2.300 millóns de euros en peaxes, polo que xa está amortizada dende fai bastante tempo, cun beneficio neto que supera xa os 900 millóns de euros. Que van apoiar a moción do BNG. Que nestes días estase tamén a debater no Parlamento e o señor Feijoo tamén está pedindo o traspaso da autoestrada a Galicia, pero tamén dixo que ía ser un proceso longo.

Sr. Forján Seoane. Di que no fondo están todos de acordo.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.


Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG presentada o 26 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPA SOBRE AS OLIVEIRAS DO CEMITERIO DE ADINA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Tres de catro oliveiras de Adina, arbores senlleiras, testemuñas dun pasado milenario de almazara nas terras de Iria presentan un aspecto preocupante, probablemente afectadas pola falla de espazo redicular, por mor da construción dalgúns nichos pegados á tapia do cemiterio que pode estar a afectar a unhas arbores milenarias,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

mudas testemuñas do paso do tempo e inmortalizadas poeticamente pola nosa Rosalía en Follas Novas:

O simierio de Adina
n'hai duda que é encantador,
cos seus olivos escuros
de vella rcondazón;
co seu chan de herbas e frores
lindas, cal no'outras dou Dios...

Poi ben, estas oliveiras precisan de toma de medidas para evitar a súa desaparición e impedir que se perda unha parte importante da esencia patrimonial e cultural de Adina.

Asemade na antiga prazoleta da festa de Iria en fronte a Fundación CJC faltan once arbores. Que por unha razón ou outra desapareceron sen que se repuxeran, privando ao conxunto deste espazo público xunto co cemiterio de Adina e da Fundación dunha estampa integradora da natureza nun contexto cultural e patrimonial.

Na actualidade once bordes baleiros e con demasiada frecuencia cheos de maleza son testemuñas mudas para turistas, veciños e peregrinos dunha existencia sumida no abandono, lembrando os versos do poeta cando manifestaba "que calquera tempo pasado foi mellor...", dando fe do desleixo que non debera producirse en espazos cos que se debe ter un coidado e mantemento continuo por estar situado en zonas sensibles de especial protección patrimonial e cultural.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

- a.- Tomar acordo plenario de que se encargue a Xunta de Galicia un estudio rigoroso sobre o estado actual das oliveiras, ó non dispor o concello de medios e deste xeito intentar evitara desaparición de tres das milenarias e poéticas oliveiras do cemiterio de Adina.
- b.- Tomar acordo plenario de que o equipo de goberno, agora que se aproxima a época de plantar arbores proceda á reposición de tódalas especies arbóreas que faltan na antiga prazoleta da festa de Iria coma unha tarefa urxente e prioritaria, prohibindo o aparcadoiro de coches na citada prazoleta para garantila súa protección.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que esta moción trátase de que hai catro oliveiras no Cemiterio de Adina que constitúen un patrimonio natural importantísimo, porque son exemplares únicos dentro do que é un cemiterio galego e polo significado que teñen, non só por ser árbores senlleiras recoñecidas no catálogo da Xunta de Galicia e no Concello de Padrón, senón porque son árbores simbólicos e relacionados coa literatura, con Rosalía de Castro, con Camilo José Cela ou con Ramón Cabanillas. Que estas oliveiras están necesitadas dun estudo en condicións porque o cemiterio creceu e as lápidas se sitúan a carón das propias oliveiras, co cal o pouco espazo natural para a expansión das raíces lles pode estar afectando, e ademais hai que coidar determinadas podas que se poidan facer ao longo do ano, como pode ser a de Semana Santa. Que se trata de adoptar un acordo do pleno para que a Xunta de Galicia, dado que o Concello non ten medios para elo, faga un estudo riguroso do estado actual e das medidas que se poden adoptar para a súa conservación e perdurabilidade no tempo.

Engade que tal e como xa se falou na Comisión informativa, na prazoleta Camilo José Cela había que intentar plantar árbores de pequeno porte, porque está empedrado o solo, e que unha medida de protección da mesma sería a prohibición de estacionar coches na mesma dado que hai un aparcadoiro bastante grande no campo da festa de Iria

Sr. Santaló Ríos. Di que está de acordo.

Sr. Rodríguez Conde. Di que tamén está de acordo.

Sr. Forján Seoane. Di que están de acordo e recorda que houbo mocións xa para reparar a prazoleta fronte da Fundación e non se fixo nada e espera que esta moción teña algún éxito.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPA SOBRE A CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DO SANTIAGUIÑO DO MONTE.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Na sesión plenaria ordinaria do mandato 2011-2015, celebrada o 27 de febreiro de 2014 presentamos moción instando a adopción de medidas de accesibilidade, reparación, conservación e ampliación do cemiterio municipal do Santiaguíño do Monte que foi aprobada por unanimidade de tódolos grupos da corporación.

Dos catro puntos do acordo de resolución só se cumpriu efectivamente o apartado b) a retirada dos cipreses. Os puntos a) referido a un mantemento máis periódico de conservación do cemiterio deixa moito que desexar, o apartado c) Que se dotara ao recinto de medidas de accesibilidade para discapacitados están sen cumprir o mesmo que o apartado d) que se lle dera trámite para a ampliación e construción dunha nova fase.

Dous anos e 9 meses despois observamos como o acordo plenario quedou en letra morta como tantos outros que se adoptaron é polo que volvemos a reincidir no seu cumprimento e a maiores complementamos con outras medidas que sería preciso acometer nos accesos ao cemiterio.

Coidamos que o alumeado é claramente insuficiente nos accesos e aledaños co que se deberían substituílos farois de brazo existentes na costa de acceso ao cemiterio por farois de pe, debido a que a iluminación das de brazo a parte de ser insuficiente resulta ineficaz polas ramaxes das arbores que tapan a luz.

Deberíase revisar e amplialo alumeado dende o CEIP Rosalía de Castro ata o cemiterio, incluíndo a reposición e farois no recinto histórico cultural do Santiaguíño e ampliación dos existentes no cemiterio.

Deberíase de chegar a un acordo de cesión coa Comunidade de Montes de Extramundi para a ampliación cara o norte da pista de acceso ao cemiterio para favorecela accesibilidade e angulo de xiro dos autobuses na última rampa.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Cumprimento dos acordos plenarios adoptados na sesión de 27/02/2014.

b.- Ampliación do alumeado no cemiterio, nos accesos a este, no recinto histórico cultural do Santiaguíño e nos seus accesos dende o CEIP Rosalía de Castro.

c.- Pórse en contacto coa Comunidade de Montes de Extramundi para amplialo acceso rodado ao cemiterio.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que se trata de garantir a accesibilidade do Cemiterio municipal do Santiaguíño do Monte que, a pesares de estar incluída a obra nun plan da Deputación, é necesario que esta actuación se acometa canto antes porque as persoas maiores ou que teñan dificultade motórica é moi dificultoso ou incluso non poden subir ao cemiterio por carencia de accesibilidade. Que sería necesario tamén, para os vehículos que levan os cadaleitos, e previamente tomar unha serie de medidas: porse de acordo coa Comunidade de Montes de Extramundi para ampliar os accesos ao cemiterio, principalmente na pista de subida para permitir os xiros con maior facilidade. Que tamén sería necesario ampliar o alumbrado



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

dende o colexio ata o propio cemiterio porque é insuficiente.

Sr. Forján Seoane. Di que, posiblemente se volva aprobar por unanimidade e non se fará.

Sr. Alcalde. Contesta que o proxecto está feito. Pregunta á señora secretaria cando se prevé que saia a licitación.

Sra. Secretaria. Contesta que había un problema coas autorizacións sectoriais e supón que en decembro ou en xaneiro sairá.

Sr. Forján Seoane. Espera que non volva pasar como nas anteriores.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

9.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPA SOBRE O CEMITERIO MUNICIPAL DE A MATANZA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Dende fai algún tempo estamos a observar que os buxos perimetrais do cemiterio municipal da Matanza-Padrón están demasiados altos o que impiden o acceso ás sepulturas dos familiares que teñen os seus defuntos alí soterrados.

A mesa existente no corredor central que antigamente empregábase para depositalos cadaleitos, hoxe en día sen ningunha función, constitúe un estorbo impedindo o paso das persoas e un perigo para aquelas que teñen unha mobilidade reducida.

Todos estes inconvenientes pónense de manifesto os días de enterros e en especial o día de todos os santos que é cando acoden moitos veciños/as ao camposanto.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN para instar do grupo de goberno a:

a.- Recortalos buxos perimetrais deixándoos a unha altura de 40 cms do solo ou ben retiralos e substituílos por un bordo non superior a 20 cm..

b.- Retirada da mesa de pedra do corredor central e trasladala ao cemiterio do Santiaguíño do Monte onde si tería unha función axeitada para depositar os cadaleitos antes de soterralos nos panteóns.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que no cemiterio os buxos perimetrais están demasiado altos e ás veces impiden o acceso aos propios veciños ás sepulturas, polo que sería necesario rebaixalos ou sacalos e meter un bordo. Que a mesa de pedra que servía antigamente para depositar os cadaleitos, hoxe en día non ten ningunha función e o que fai é achicar un espazo xa insignificante, polo que se propón a retirada desa mesa ao cemiterio do Santiaguíño do Monte.

Sr. Pardo Andrade. Di que falou co arquitecto da Oficina de rehabilitación para que fixera unha memoria porque hai que mandala a Patrimonio.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

10.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO VERTIDO ÁS RÚAS DA AUGA DOS TELLADOS.

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Coa chegada das chuvias vemos como desde a alcaldía e grupo de goberno (PP), non adoptaron ningunha solución nin se aplican as ordenanzas municipais para evitar que os tellados de augas en mal estado, vertan directamente sobre as persoas que pasan polas rúas.

Grazas a ineficacia, inacción e falla de capacidade do grupo de goberno para facer cumprir as ordenanzas municipais, en Padrón, cando chove non só nos mollamos pola acción directa da chuvia, tamén recibimos duchas gratuítas desde os canalóns deteriorados uo desde aqueles edificios que carecen de baixantes e prolongan os canalóns sobre a rúa, a que verten directamente.

Polo exposto, sometemos á consideración do pleno a aprobación da seguinte proposta:

Instar ao alcalde e grupo de goberno (PP) para que fagan cumprir as ordenanzas municipais e reparar os canalóns e baixantes daqueles edificios que verten sobre as persoas que pasan pola rúa.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Comenta que é un tema xa recorrente porque foi a pleno varias veces e aprobouse pero polo grupo de goberno non se fixo nada, e o resultado é que os canalóns e algunhas baixantes verten directamente á rúa polo que os veciños móllanse polos pés. Que incluso hai tellados que non teñen baixantes coma un que hai na rúa Real, como se mostra na moción que vai acompañada de fotos.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta ao goberno que teñen pensado facer para solucionar este problema.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que se está traballando na Oficina de rehabilitación para intentar solventar pouco a pouco estes problemas. Di que lles deixou un informe con todo o que se está a facer.

Sr. Forján Seoane. Recorda que hai unha ordenanza que se está incumprindo e as axudas para a rehabilitación cubrirían perfectamente estes casos. Que non valen disculpas de que está facendo Ramón senón que quen ten que facer cumprir a ordenanza é o goberno municipal.

Sr. Alcalde. Explica que se está comentando que Ramón é o técnico da oficina de rehabilitación e se lle está pedindo que redacte un informe para mandar os requerimentos.

Sr. González Pardal. Di que non está de acordo en que cando se fai unha obra na rúa, como a que se fixo fai pouco de canalizar o gas, xa se puido ter metido a maioría das pluviais. Que as cousas se deberían facer



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

cun pouco de previsión.

Sr. Alcalde. Contesta que non lle ve cauce legal para obrigar a meter as pluviais coa canalización do gas. Pregunta á señora secretaria si sería legal.

Sra. Secretaria. Contesta que para obrígalo non.

Sr. González Pardal. Pregunta se pagan algo por levantar a rúa.

Sr. Alcalde. Contesta que pagan o Imposto de construción e a taxa por expedición de licenza urbanística e o aval.

Sr. González Pardal. Di que a obra dos canalóns leva toda a vida así e nunca se fixo nada.

Sr. Alcalde. Di que non ten nada que ver cos subministros privados.

Sr. Forján Seoane. Dille ao señor González Pardal que está equivocado porque houbo catro anos que si se fixo.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que incluso houbo sancións.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do PSdeG-PSOE de data 17 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

11.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO ABANDONO E DETERIORO DOS EDIFICIOS DO CASCO URBANO E DA ZONA RURAL.

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Desde fai tempo o casco urbano de Padrón estase degradando, sin que desde o goberno municipal do PP se adopte ningunha decisión/solución para evitalo.

Vemos como o número de casas que están ou amenazan ruina aumentan ano a ano, incluso como se van desmoronando, e todo diante da pasividade dun goberno inactivo, incapaz de tomar decisións para conter este degradación continua.

A imaxe que ofrecemos, non é a mellor, nin para os que nos visitan nin para aqueles que pretendan establecerse no noso pobo.

Polo exposto, sometemos a aprobación do Pleno a seguinte proposta:

Adopción de medidas para evitar a continua degradación dos edificios do casco histórico e impulsar a rehabilitación dos citados edificios, cumprindo e facendo cumprir as ordenanzas municipais.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Explica que a moción vai acompañada dunha reportaxe fotográfica onde combina fotografías actuais, da semana pasada, e fotografías de fai un ano, e están diferenciadas polo volume da vexetación pero o deterioro dos edificios segue a ser o mesmo. Que esta moción vai acompañada doutra presentada o 24/11/2015 e non se fixo nada.

Sr. Alcalde. Comenta que, precisamente, a da foto en Ruíz Pons estase resolvendo a licenza dado que agora mesmo está en Patrimonio.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é unha situación esperpéntica porque a Vila estase caendo a cachos. Que estamos integrados dentro dunha área de rehabilitación integral e non hai normativa nin se fai cumprir, nin se tomas as medidas, e estanse recibindo subvencións do Ministerio de Vivenda que non están sendo efectivas. Que non se está dinamizando o casco vello e o único que temos son ruínas e si se quere levantar a Vila hai que tomar medidas e actuacións. Que os expedientes están aí, pero as actuacións son nulas e as sancións cero. Volve insistir que cando as medidas preventivas non funcionan, hai que aplicar medidas coercitivas e é a única maneira de que a xente tome conciencia de que non poden manter os inmobles nas condicións que están, non só por unha cuestión de ornato público senón de seguridade viaria. Que hai unha responsabilidade moral dos gobernantes cara esta situación que se está a vivir no casco vello de Padrón e non se pode permanecer impasibles e hai que actuar. Que a normativa está para cumprirse por parte de uns e doutros. Que desde o grupo de goberno non se está facendo nada de nada e só é ter unha Oficina de rehabilitación que non está funcionando como debería de funcionar. Que había moitos expedientes abertos cando el estaba no goberno e seguen estando como estaban.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que para ver a realidade só teñen que saír pola porta do Concello e mirar.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera a palabra seguridade, porque evitar que pase algo está nas súas mans.

Sr. Forján Seoane. Pide que actúen.

Sr. Alcalde. Di que hai 16 expedientes abertos en tramitación e despois hai expedientes con ordes de execución.

Sr. Piñeiro Otero. Pregunta se hai algunha sanción.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sr. Forján Seoane. Pregunta cantos expedientes pechados hai.

Sr. Alcalde. Contesta que non hai ningún pechado.

Sr. Forján Seoane. Di que da súa época están aí para ver os expedientes pechados e as baixantes que se puxeron novas.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardo, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG de data 15 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

12.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE AxP SOBRE A COLOCACIÓN DE VARIOS PASOS DE PEÓNS E SINALIZACIÓNS NA N-550.

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 17 de novembro de 2016, que di:

<<Expón

Que na N-550, na intersección ca AC-301, na rotonda que está ó lado do Scala, os milleiros de peregrinos que fan o camiño teñen que cruzar poñendo en perigo a súa integridade física. Así como os veciños que teñen que cruzar na rotonda ou arredores.

Que na Escravitude, no paso de peóns situado fronte Castaño Bascoy colocáronse uns pulsadores para iluminar as señais de advertencia de cruces de peóns, e ámbalas dúas están situadas de xeito erróneo:

1. A que ilumina dirección Santiago está antes dun cruce e alonxada do paso de peóns, co que os peóns teñen que cruzar sen ningún tipo de protección, co risco que eso conleva.

2. A que ilumina dirección Padrón atópase a un lado, distante tamén, polo que os peóns cruzas á altura da señal, non polo paso de peóns.

Que na Picaraña, na N-550, os peregrinos e veciños que cruzan polo paso de peóns que se atopa despois da rotonda (de recente construción) dirección Santiago, na entrada do polígono empresarial, corren gran risco ó cruzar, debido á mala visibilidade que teñen os vehículos, reducíndose aínda máis en días de choiva ou pola noite.

Considerando este e outros aspectos de xestión municipal no tocante á seguridade dos veciños e peregrinos que percorren o Camiño de Santiago no Concello de Padrón e tendo en conta a siniestralidade de algún destes puntos, Alternativa por Padrón propón estudar e debater este asunto no vindeiro pleno ordinario do día 24 de novembro, polo que presenta a seguinte

MOCIÓN

-Que o Concello de Padrón esixa a quen corresponda a colocación dun paso de peóns e un semáforo regulador para ese paso de peóns xunta a rotonda situada ó lado do Scala.

-Que o Concello de Padrón esixa a quen corresponda a ubicación axeitada das señais con pulsadores da Escravitude.

-Que o Concello de Padrón esixa a quen corresponda a colocación dun semáforo regulador para o peso de peóns mencionado con anterioridade en A Picaraña.

Acompáñase a moción con fotografías do paso de peóns antes nomeado. >>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que o paso de peóns no Scala xa se ten solicitado en varias ocasións, por escrito, e incluso acompañaron á empresa que leva o mantemento das estradas alí a velo. Que con respecto aos pulsadores da Escravitude entende que están ben colocados porque están antes do paso de peóns.

Sr. González Pardal. Di que cando o peregrino vai cara a Santiago pola esquerda da estrada ten que

revasar o paso de peóns para pulsar e o normal é que esté antes do paso de peóns.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que ten que revasar o paso de peóns para pulsar porque os coches que veñen de Santiago circulan pola dereita e teñen que ver a iluminación antes do paso de peóns.

Sr. González Pardal. Insiste que o pulsador ten que estar antes e non despois.

Sr. Pardo Andrade. Di que o pulsador está no sinal.

Sr. Alcalde. Di que así habería que meter dous postes, un para o pulsador para que o peregrino non ande dez metros, e outro para a sinal de iluminación.

Sr. Piñeiro Otero. Pensa que se debería colocar o paso de peóns antes da rotonda e non na mesma rotonda.

Sr. Rodríguez Conde. Explica que, con respecto ao punto 1 da moción, o PGD presentou no pleno de abril do 2015 e en novembro do 2015 o mesmo que se está pedindo agora. Que con respecto á zona de Castaño Bascoy o PGD, cando tivo responsabilidades de goberno, pediu un informe á Policía Local para ver en que condicións estaban todos os pasos de peóns na N-550 e que se aconsellara o que se debería facer nos que había carencia de algo. Lembra que na maior parte deles había problemas de visibilidade do paso de peóns. Que con respecto ao cruce de Castaño Bascoy falárase con Carreteras do Estado para facer unha rotonda.

Sr. Alcalde. Di que está redactado un proxecto para supervisión para facer unha rotonda.

Sr. González Pardal. Pide si se pode ter unha copia.

Sr. Alcalde. Contesta que aínda non o mandaron ao cCncello.

Sr. Pardo Andrade. Aclara, con respecto ao que di o señor Rodríguez Conde de que non fixeron nada, que estiveron personalmente en Coruña falando co Xefe de Estradas polo paso de peóns do Scala, que se lle mandaron escritos e de momento non contestaron nada.

Sr. Rodríguez Conde. Di que si presentan unha moción en xuño e outra en novembro e non se lles di nada, entenden que nadie fixo nada porque non lles consta que se fixo.

Sr. Alcalde. Dille que tampouco preguntou.

Sr. González Pardal. Comenta que na comisión si falaron de que fixeran iso.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo coa moción e recorda que a mortandade por atropelo subeu moitísimo.


Sra. Rey Pazos. Di que está de acordo con que hai que tomar medidas, pero tamén está de acordo co que di o señor Alcalde coa colocación dos pulsadores e por iso se vai abster.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade e pola concelleira de VP, señora Rey Pazos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da AxP de data 17 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

13.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPa SOBRE O MANTENIMENTO DA FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recibida queixa veciñal na que nos manifestan que o mantemento da Fundación CJC é insuficiente, aínda que a Consellería de Cultura atendeu fai uns días a súa petición de que se pintaran as ventás de madeira e as bisagras da planta baixa da Fundación Pública que presentaban un deterioro manifesto, non se procedeu a pintar as ventás nin as bisagras do primeiro andar, dando a sensación de que cada ano en base á insistencia veciñal, segundo eles, se acometen por fases pequenas actuacións, o ano pasado o enreixado dos balcóns, este ano as ventás da planta baixa haber si para o ano que ven lle toca, cun pouco de sorte, ás ventás do primeiro piso.

Estes mesmos veciños amósannos a súa preocupación polo estado da cada número 8 que alberga o museo ferrocarrileiro Johh Thrulock e das pezas que nel se depositan como da locomotora Sestao e a Sarita (instalada no xardín da cada nº 1) da que descoñecemos o estado de conservación que xa fai varios anos era moi deficiente.

Non é a primeira vez que o grupo ao que represento somete a adopción de acordo plenario aspectos relacionados coa Fundación, acordos que se adoptan por unanimidade e despois se incumpren reiteradamente polo equipo de goberno para mostra a moción de 18/02/2012 aprobada por unanimidade, a tamén aprobada por unanimidade o 26/02/2015 na que instabamos dirixirse á Xunta entre outros aspectos para que restaurara as pezas ferrocarrileiras (locomotoras, vagóns, recreación da estación de época do XIX) á data de hoxe sen acometer. Si a situación desas pezas era deficiente fai anos, agora é peor, tal como amosou o grupo municipal socialista no derradeiro pleno.

En vista do cal os veciños, segundo nos comunican, decidiron dirixir queixa ao sr. Conselleiro de cultura e tamén a vostede, unha vez mez mais, sr. Alcalde, instando a toma de medidas de conservación e mantemento, ao entender que na Resolución da súa alcaldía de data 18/10/16 concedéuselle unha subvención municipal directa á Fundación, como tódolos anos, por importe de 19.200 € mediante a sinatura dun convenio, subvención que se aprobou na XGL do 20/10/16, descoñecendo cales son as obrigas do mencionado convenio.

É polo que se PROPOÑEN os seguintes ACORDOS DE RESOLUCIÓN:

1.- Que o goberno facilite copia do citado convenio.

2.- Que se inste á Xunta de Galicia a acometer labores de conservación, mantemento e restauración necesarias, sen mais demora, tanto dos elementos deteriorados (ventás, bisagras do primeiro andar) como de tódalas pezas museísticas depositadas na sé da Fundación.

3.- Que se nos informe puntualmente das xestións que vostede realice para acadar este acordo de resolución plenario diante da Administración.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que esta moción ven motivada polas queixas veciñais que instan a unha serie de actuacións na Fundación Pública Camilo José Cela. Que fai uns días procedeuse ao pintado das ventás e bisagras da pranta baixa e o ano pasado fíxose o mesmo cos balcóns do primeiro andar, pero as ventás de arriba necesitan reparacións. Que na casa número 8 que alberga o Museo do Ferrocarril as portas e as

ventás están en estado lamentable de deterioro. Que se trata de que se tomen as medidas axeitadas para que se proceda a acometer a actuación toda dun golpe e deixalo en perfecto estado. Que o tema da Fundación non é a primeira vez que, por parte do seu grupo, se somete moción a aprobación por parte da Corporación, como a moción do 18/10/2012 e a do 26/12/2015 que se aprobaron por unanimidade e a data de hoxe non se tomou ningún tipo de actuación. Que vista a situación da Fundación Camilo José Cela cun Museo do Ferrocarril pechado coas pezas museísticas supón en malas condicións, non pode estar así e hai que restaurar esas pezas polas que tanto loitou Camilo José Cela e pensa que é un simbolismo para a historia e a cultura de Padrón, que non se pode permitir o seguir perdendo patrimonio. Entende que si o goberno municipal asinou na Xunta de Goberno Local do 20/10/2016 un convenio coa Fundación Pública Camilo José Cela polo cal se compromete a entregarlle 19.200 €, pois que sirvan para ensalzar a figura de Camilo e poñer en uso o patrimonio que deixou na sede da súa Fundación.

Sr. Santaló Ríos. Di que hai moitas cousas que facer no Concello e a Fundación Camilo José Cela é unha fundación privilexiada pola Xunta de Galicia e polo Concello si se compara cos cartos que van destinados á Fundación Rosalía de Castro. Que a Fundación debería presentar as contas e facer transparencia na súa xestión ao Concello e a todos os galegos e que pinten as ventás ou non as pinten que se encargue a Xunta de Galicia que para que iso son os patronos. Que non poden estar todos os días preocupándose por algo que debería estar feito.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que unha cousa é a Fundación Rosalía de Castro, que é un modelo de xestión, e outra cousa é a Fundación Camilo José Cela, e a moción refírese a que é unha fundación pública e como cidadáns galegos tense a obriga de dirixirse ao goberno galego para esixir que se tomen as medidas axeitadas para que a fundación exteriormente recupere o brio que debe de ter e nunca debeu de perder e que as pezas museísticas que están albergadas alí se restauren e non estén nas condicións lamentables nas que están.

Sr. Santaló Ríos. Insiste que é unha fundación que ten máis de 300.000 €, que está intervida pola Xunta de Galicia e ten carácter oficial, polo que é rica e privilexiada e non teríamos que preocuparnos dela.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que está en Padrón.

Sr. Alcalde. Di que lles facilita copia do convenio mañá sin falta.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que os padroneses son moi privilexiados de ter dúas fundacións como as que teñen. Que quere copia do convenio e quere saber se hai algo salientable nel.


Sr. Alcalde. Di que practicamente se está reiterando o convenio que se ven facendo dende os últimos nove anos, dado que é un convenio tipo.

Sra. Interventora. Solicita a palabra ao señor Presidente, quen lla concede, para explicar que o convenio aprobouse na Xunta de Goberno Local pero houbo un problema coa representante que, está de baixa maternal, e entón o representante que debería asinar sería o Conselleiro de Cultura e mañá pasaráselle á súa sinatura polo que está pendente da sinatura.

Sr. González Pardal. Di que o convenio é de 19.200 € e lle están dicindo que non se deixou actuar alí á Banda de Música no concerto de Santa Cecilia.

Sr. Alcalde. Contesta que non, que iso o comentou unha veciña. Explica que a Banda de Música ía actuar na Fundación pero por parte da Fundación deixábaselle actuar pero non desmontar a primeira liña do anfiteatro e entón a Banda dixo que alí non collía. Que a Fundación argumenta que a base de desmontar a primeira liña as butacas afloxan e habería que cambialas todas e sería responsabilidade do Concello.

Sra. Rey Pazos. Comenta que como di o señor Santaló Ríos, é unha Fundación rica e o Concello estálle dando 19.200 €, pensa que eses cartos son suficientes para arranxar unhas bancadas, de selo caso, para a actuación da Banda de Música municipal do pobo.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Di que ao final vai actuar na Igrexa e así non se deteriora nada.

Sra. Rey Pazos. Di que habería que mirar, porque por uns tornillos que se afloxen non cree que sexa un gran problema.

Sr. Forján Seoane. Comenta que non ve a riqueza da Fundación, só en patrimonio.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que si o goberno galego non se fai cargo da Fundación tería as portas pechadas e o patrimonio estaría disperso ou na Cidade da Cultura de Santiago e o que quixera velo tería que ir alí, e a iso lle dan moi pouco valor e, lles guste ou non, é un premio nobel que lle está dando un realce e un prestixio a Padrón, polo que falar de fundación rica ou fundación pobre parécelle unha falla de respecto á cultura. Que esta Comunidade Autónoma non é rica pero ten moita cultura e hai que mantela e defendela e non facer un muro porque "ese señor escribiu en castelán".

Sr. Santaló Ríos. Por alusións, di que non estaba falando da figura do escritor nin da lingua na que escribueu, senón que estaba falando de xestión, onde foi unha coladera de cartos e iso está saíndo agora nos Tribunais. Que o que hai que facer é que eses cartos públicos se administren correctamente e coa máxima transparencia. Que iso é do que se teñen que preocupar e non de si pintan ou non unha porta.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que están confundindo unha etapa dunha función privada e unha etapa dunha fundación pública porque son cousas totalmente diferentes xa que agora está fiscalizada polo Concello de Contas e pola intervención xeral da Comunidade Autónoma.

Sr. Forján Seoane. Di que na fundación hai dúas épocas: unha que é a que di o señor Santaló que está nos Tribunais e outra época posterior de xestión da Xunta, pero parece que se están olvidando que os cidadáns de Padrón, fai uns oito anos, estaban na rúa reclamando a favor da Fundación para que quedara aquí, pero parece que agora xa non interesa.

Sr. Alcalde. Comenta que esa pelea continuouse estes anos para que non fora para a Cidade da Cultura.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

14.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LOMCE.

Polo señor Santaló Ríos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo por ser fundamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Cómpre lembrar que xa a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da

comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír ao alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatizacións e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e o contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén cómpre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o Ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindíbeis para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluír os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Polo estes motivos, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo

- 1.- Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.
- 2.- A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.
- 3.- Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que o que se pide é instar a paralización desta lei porque todos coñecen as consecuencias e están asistindo ás folgas do estudantado, ás protestas dos pais ou ás rectificacións desta lei, xa que tiveron que rectificar e agora as reválidas non van ter carácter vinculante. Que a reforma está aí e iso significa unha clasificación dos rapaces sen darlle alternativas dende moi cedo, e aos que teñan algunha dificultade poñense nun carril lento sen posibilidades de que se poidan recuperar con posterioridade. Que as figuras que teñan un carácter integrador moi positivo coma a da diversificación curricular queda truncada.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que o que fai falla neste país é un gran pacto pola educación que implique a todas as forzas políticas e ese gran pacto tense que facer por consenso e nunca con imposicións, sexa o goberno que sexa. Que un país cunha educación subdesarrollada non vai ter garantías de futuro. Que precisamente a LOMCE fíxose por imposición e as consecuencias estanse a ver agora e terá que quedar



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

derrogada porque non ten razón de ser. Que hai cousas de interese xeral que non deberían depender do goberno que está, senón que deberían de perdurar ao longo das lexislaturas. Espera e desexa que a LOMCE teña un futuro moi curto.

Sr. Alcalde. Lembra que houbo unhas sete leis modificadas polo PSOE e outras polo PP, e está de acordo en que fai falla un pacto de lei. Que non se trata só de modificar a LOMCE, senón que non se esté modificando continuamente a lei. Que hai que promocionar a cultura do esforzo con este ou outro sistema e chegar a un acordo entre todos.

Sr. Rodríguez Conde. Di que está de acordo coa moción e que é bo que non haxa unha maioría absoluta, senón non habería posibilidade de modificar a LOMCE.

Sr. González Pardal. Di que tamén está de acordo cun gran pacto de educación pero antes debería de haber un gran pacto para traballar por Padrón porque hai cousas máis importantes nas que traballar. Que lle parece moi ben e está de acordo pero isto non lle compete a eles.

Sr. Forján Seoane. Comenta que si que lles afecta a todos, e tamén cree que hai que potenciar a cultura do esforzo, pero non sabe si o señor Alcalde o di porque se reforza coa reválida.

Sr. Alcalde. Contesta que el só dixo que "non sei si é este é o sistema ou outro".

Sr. Piñeiro Otero. Pensa que todo o mundo que estuda e aproba se esforza.

Sr. Santaló Ríos. Insiste que consiste en que hai aspectos lesivos nun momento que alguén poida ter unha dificultade e que no sistema anterior, con ser malo, contemplaba e había outras posibilidades.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG presentada o 26 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

Sendo as vinte e unha horas e trinta e sete minutos o señor Presidente acorda interrompirla sesión por espazo de quince minutos.

Sendo as vinte e unha horas e cincuenta e tres minutos reanúdase a sesión coa asistencia de todas as concelleiras e todos os concelleiros relacionados na cabeceira.

15.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE AxP PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN EN COLABORACIÓN COAS EMPRESAS DA CONTORNA.

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<EXPÓN

Que no Concello de Padrón están situados varios polígonos industriais e empresariais, nos cales están instaladas varias empresas de distintos sectores, ademais de contar con un amplo abano de comercios.

Que non hai un convenio/acordo/colaboración cas empresas situadas no concello para a realización de cursos de formación ou prácticas.

Que o Concello de Padrón realiza (con financiamento de outras administracións, total ou parcialmente) cursos para sectores específicos (voluntariado, 3ª idade, xuventude, etc) polo que a maioría da veciñanza non pode acceder a eles, non sendo que pertencen a eses sectores.

Que a maioría da veciñanza non ten información dos cursos ofertados en Padrón, pois non se publicita de maneira axeitada ou non se publicitan.

Por todo o anteriormente mencionado, Alternativa por Padrón propón estudar e debater este asunto no vindeiro pleno Ordinario do día 24 de novembro, polo que presenta a seguinte

MOCIÓN

-Que o Concello de Padrón realice cursos destinados a toda a veciñanza para varios sectores, moi presentes no Concello (Sectores: aluminio, comercio, agricultura, novas tecnoloxías, etc).

-Que o Concello de Padrón consiga colaboración cas empresas da contorna para a realización de cursos de formación ou prácticas.

-Que o Concello de Padrón dea a publicidade suficiente ós cursos que se realicen, usando tódalas canles posibles, entre elas as tecnoloxías e redes sociais para que chegue a información ó maior número de cidadáns posible.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que se pode incrementar a oferta de cursos, pero teñen un plan integrado entre Padrón, Dodro e Rois e se están realizando cursos dos ámbitos que se citan na moción. Que xa houbo varias mocións para o cambio de destino dos cursos e agora mesmo se dan cursos de soldador, carretilleiro, lacado de aluminio, ou sexa de todo o relacionado co sector da siderometalúrxica que hai na contorna e emprega a máis familias, a día de hoxe, en Padrón. Que por incrementar e facer máis cursos e publicitalos máis non hai ningún problema.

Sr. González Pardal. Pregunta se o Concello fai algún curso cos técnicos municipais que ten.

Sr. Alcalde. Constesta que de aluminio non e de agricultura tampouco.

Sr. González Pardal. Di que hai técnicos de servizos sociais que poderían dar cursos dalgún tipo como se fan noutros concellos. Que, por exemplo, o Concello de Dodro saca moitos cursos dados polos técnicos municipais.

Sr. Alcalde. Contesta que isos tamén se están dando en Padrón, que é o Plan integrado.

Sr. González Pardal. Insiste que se incrementen eses cursos e que hai unha serie de técnicos municipais que se poderían encargar de dar eses cursos a maiores dos que se están dando.

Sr. Rodríguez Carbia. Recorda que el tiña presentado unha moción no remate do mandato pasado sobre este tema, pero ve que non se fixo nada ao respecto. Considera que o que se está a facer non está dando os resultados que debería de dar, porque Padrón ten un alto índice de parados sobre todo na poboación xuvenil, xa que a xente que non remata os seus estudos podería entrar no mercado laboral pero esa entrada nestes momentos está cortada. Que está cortada porque non se especializan, dado que as ramas que hai no Instituto de formación profesional son obsoletos e non valen para nada, administrativo e electricidade, e hai que chegar a un acordo coas institucións educativas e facerllelo ver. Que eses cursos



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

deben reorientar de cara á demanda do mercado laboral que hai na comarca con cursos de calderería ou soldadura que poderían ser unha entrada nese mercado. Dalle a sensación de que nesta época de escasez de fondos económicos non se lle está quitando a rendibilidade aos escasos recursos que se están investindo no plan de formación. Que se convoca un curso para quince ou vinte alumnos que están enredados durante seis meses pero rematan o curso e volven estar outra vez na casa en paro ou buscando traballo fóra da súa terra. Que hai que concienciar aos empresarios de que se necesita que esa xuventude permaneza aquí, que é a que nos vai permitir chegar a eses 10.000 habitantes. Insiste que os cursos que se están a facer son claramente insuficientes e o Obradoiro de Emprego "Terras de Iria" non vale para nada porque non ten saída laboral ningunha e habería que falar de cursos adaptados á economía agroalimentaria facendo pequenos empresarios de produtos ecolóxicos e non se fai ningún ou de silvicultura para coidar os montes que tampouco se fixo. Que só se fan cursos de albanelería, cantería ou electricidade e non pode ser. Que hai que intentar chegar a un acordo cos empresarios para que os alumnos dos obradoiros fagan a súas prácticas nas propias empresas e non se poden quedar quietos e que a xuventude non teña futuro algún. Que dende as propias institucións están levando unha política de traballo realmente nefasta.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que van apoiar a moción e pregunta se o goberno fixo algo en canto á segunda pregunta.

Sr. Alcalde. Contesta que o Plan integrado esixe unha integración no mercado laboral de alomenos un 30% e estase superando porque se cambiou a orientación dos cursos de formación no sentido da siderometalurxia, é dicir, lacado de aluminio, troquel, torno, soldaduras. Que no 2012 había 1.000 desempregados e agora hai uns 600.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que son contratos lixo e que iso non é certo porque Padrón nestes momentos ten un paro de setecentos e pico chavales.

Sr. Alcalde. Insiste que non. Di que en poucos anos conseguiron diferentes Plans Integrados, cursos e tres Obradoiros de Emprego. Que conseguíuse algo no ámbito do emprego, que ao mellor non é o máis axeitado, pero conseguíronse cousas e conseguíuse baixar o número de parados.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta cantas saídas laborais.

Sr. Alcalde. Contesta que nos sectores onde se deron os cursos, si.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta se hai posibilidades de ir cambiando, como dixo o señor Rodríguez Carbia, o tipo como o da silvicultura no sector forestal.

Sr. Alcalde. Contesta que xa se foi cambiando e se fixo viveiros ou xardíns. Que non sabe concretamente o que propón o señor Rodríguez Carbia porque propón porse de acordo coas comunidades de montes.

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que os montes non están coidados polo que aí hai unha oportunidade inmensa xa que haberá xente que prefira estar traballando no monte que estar na casa parado, pero para iso fan falta ideas e loitar. Que co tema do monte pódese facer mil cousas, non só coa limpeza, senón tamén co aproveitamento da madeira.

Sr. Rodríguez Conde. Repite si se poderían ampliar o sector e pasar a outras como pode ser a agricultura ou gandería.

Sr. Alcalde. Contesta que xa están solicitados todos.

Sr. González Pardal. Di que ás veces non é solicitados senón que é coller un técnico e falar cos de Herbón, por exemplo, e facer un ciclo de fitosanitarios ou de silvicultura. Que debería de haber máis iniciativas e facer máis cursos por parte dos técnicos como fan en Dodro e en Padrón hai moitos técnicos que poderían facer este tipo de cousas.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que teñen o Convento de Herbón que é unha infraestrutura infrautilizada.

Sr. González Pardal. Di que é o mesmo que o Convento do Carmen que tamén está infrautilizada.

Sr. Rodríguez Carbia. Engade que o de Herbón incluso ten accesibilidade e poderíanse facer mil cousas de horticoltura ou incluso aprender a pescar lampreas.

Sr. Rodríguez Conde. Di que para eles a formación é clave e lle gustaría que estivera o Concelleiro de emprego e traballo para ver se había algo nese senso e lles puidera aclarar.

Sra. Rey Pazos. Comenta que bota en falla a publicidade porque dalgún curso enterouse pasado o día e en canto aos cursos pensa que xa tiñan cambiado os cursos integrados porque a lista que remitían era pechada e dentro desa escollían.

Sr. Alcalde. Pregunta de cal lle fala si de obradoiro ou integrado, pero que de feito cambiáronse varios cursos porque tratouse de orientalos aos sectores máis produtivos da zona de Padrón, Rois e Dodro.

Sra. Rey Pazos. Di que estas cousas requiren moito traballo e hai que querer facelas porque supón negociar moito coas empresas, falar con elas, que elas se impliquen, porque ao final é o seu interese de que os traballadores estén formados. Que hai que explotar o que temos.

Sr. Forján Seoane. Di que falan de moitas cousas e algunhas non teñen nada que ver coas outras. Que anos atrás o Concello de Padrón só tiña homologado para facer cursos de albanelería, xardinería ou cantería e pregunta se iso segue a estar igual.

Sr. Alcalde. Contesta que por motivos de accesibilidade non se pode seguir dando os cursos no Convento do Carmen.

Sr. Forján Seoane. Pregunta se tiña que ter homologación.

Sr. Alcalde. Contesta que ten que ter homologación onde se impartan os cursos e o Convento non o ten.

Sr. Forján Seoane. Di que non se poden quedar quietos e porque alí non haxa accesibilidade non facer nada.

Sr. Alcalde. Contesta que se están facendo coa comarca, con Dodro e con Rois, e que se fan diferentes plans e incluso nalgúns danse os cursos nas naves dunha das fábricas de aluminio.

Sr. Forján Seoane. Comenta que na súa etapa tiñan solicitado moitos cursos e nunca se lle concedían a Padrón e sería cuestión política porque agora cos mesmos proxectos concedéronse automaticamente. Que aquí estase falando de novas alternativas que o goberno ten que poñer en marcha pero séguese facendo o de xardinería.

Sr. Alcalde. Contesta que hai liñas que saen só para iso e as pides ou non as pides.

Sr. Forján Seoane. Dille que o entende perfectamente pero que poden facer outras propostas e si llas admiten ou non é outro tema.

Sr. Alcalde. Contesta que aínda así non van deixar de pedir esas.

Sr. Forján Seoane. Di que abaixo hai unhas listas onde se van contratar a tres persoas para actividades de xardinería e supón que pasarían por eses cursos, porque estaría bonito que se fixeran os cursos e despois ningunha desas persoas entrara a traballar.

Sr. Alcalde. Contesta que pode pasar porque hai unha serie de requisitos para esa contratación, ao mellor a muller puntúa máis que o home, se é muller que sufriu maltrato ten unha puntuación distinta, que unha persoa leve moito tempo no paro ten unha puntuación distinta ou que traballara niso ten outra puntuación distinta.

Sr. Forján Seoane. Pregunta entón que volume de inserción hai porque antes falou do 30% e o pon en



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

dúbida.

Sr. Alcalde. Contesta que falou do plan integrado.

Sr. Forján Seoane. Pregunta por que na proposta que hai abaixo esta numerado o listado e despois as persoas que se van contratar non son ni a primeira nin a segunda, senón a cuarta e a terceira.

Sr. Alcalde. Explica que o máximo de puntuación eran catro puntos e na valoración vese que os catro primeiros están empatados na puntuación, pero na valoración das notas do Tribunal, uns a teñen superior a outros.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción de AxP de data 21 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

16.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPa PARA CORRIXILA SITUACIÓN DUN PASO DE PEÓNS NA AVENIDA PONTECESURES.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2016 presentamos moción instando a toma de medidas de seguridade vial na Avda de Pontecesures dos catro puntos ou acordos de resolución que contén o texto da moción só se cumpriu un deles. O punto b) de actuar sobre as fochas.

O punto c) de habilitar un novo paso de peóns con accesibilidade limitouse a trasladalo paso de peóns existente en escaleira 50 m cara ao sur, si antes de presentala moción o paso existente carecía de accesibilidade o que se pintou na súa substitución tamén carece de accesibilidade, pois a rampa para discapacitados existente nas proximidades do paso entre os dous edificios tampouco ten as medidas axeitadas de accesibilidade pola pendente existente e a maiores carece das máis elementais medidas de seguridade ao pintarse nunha zona perigosa en pleno ángulo de xiro dos vehículos que saen do campo da feira e se incorporan á N-550 en pendente e atópanse cun paso de peóns inmediato á dereita cara o lugar da Ponte facéndoo moi perigoso para os peóns e os vehículos.

Ademais a proposta de C.I.Pa como se explicou no pleno consistía en habilitar este paso nunha das esquinas da rampa na que sería moito máis fácil garantir a accesibilidade mediante unha rampa prolongada cunha pendente axeitada e paralela á actual paredilla para salvaro desnivel e garantir o paso de discapacitados, persoas con dificultades de mobilidade, coches de bebés ou persoas con carros de compra.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Tomar acordo plenario de corrixila situación e habilitar un paso de peóns con accesibilidade, ben no lugar

que estaba o antigo dotándoo de rampa prolongada que substituíra ás escaleiras existentes na paredilla ou ben trasladándoo tal como apuntabamos na moción (31/03/2016) ao remate da rampa de acceso ao campo da Feira, campo de fútbol, pero na marxe esquerda (situándonos de costas ao campo de fútbol) non na marxe dereita tal como se pintou.

b.- Esixilo cumprimento dos puntos a) e d) do acordo plenario adoptado na sesión de 31/3/2016.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que se trata do que se aprobara no pleno pasado, de darlle accesibilidade ao paso de peóns que había ao lado do campo de fútbol, onde estaban as escaleiras, porque podía caer alguén alí e tiñase pedido que se trasladara ao inicio da rampa pero da parte esquerda situado de espaldas ao campo de fútbol e de cara á N-550, e o que se fixo foi trasladalo á marxe dereita e agora coincide co ángulo de xiro cara Pontecesures, co cal entende que hai un contrasentido porque non ten accesibilidade, e entende que ten que estar situado na parte esquerda, polo que se pide subsanar ese pintado e volver pintalo pero do outro lado.

Sr. Rodríguez Conde. Di que hai uns técnico do MOPU que terán que cumprir as normas. Advirte que a xente está utilizando igual as escaleiras e un día vai haber un atropelo. Pide que poñan unha valla ou que fagan algo alí.

Sr. Forján Seoane. Indica, igualmente, que onde está situado agora o paso de peóns non ten accesibilidade nin ten nada e a un discapacitado nunha cadeira de rodas lle é imposible acceder a ese paso de peóns e non sabe que técnico puido dar o visto e praxe a ese paso.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

17.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPa PARA ADOPCIÓN MEDIDAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE VIARIA NUN CRUCE NA AC-301 Á ALTURA DA "CASA PÉREZ".

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Na AC-301 existe un cruce extremadamente perigoso á altura da "casa Pérez" na intersección das pistas que conducen a Extramundi de Abaixo, Iria e a Pereiriña.

A saída a estrada dende Iria, aldea de Abaixo e a Pereiriña carece de visibilidade e o espello que se colou en fronte nun poste resulta claramente insuficiente, tendo que metelo morro do coche na estrada para ter



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

visibilidade para incorporarse sendo moi perigosa este xiro tanto á dereita como á esquerda.

Non é a primeira vez que C.I.Pa trae este asunto ao pleno da corporación sen que á data de hoxe se tomara ningunha medida aoa respecto.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Tomar acordo plenario de corrixila situación, de xeito urxente, coa adopción das medidas necesarias para garantilas medidas de seguridade vial na incorporación á AC-301 dende Extramundi de Abaixo, Iria e a Pereiriña.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que é parte dunha moción que xa se presentara no mandato pasado e agora volve presentar e de momento non se tomaron as medidas na bifurcación fronte á Casa Pérez, porque non hai visibilidade algunha.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo e pide que tomen medidas.

Sr. Forján Seaone. Di que é unha moción reiterativa pola inacción do goberno.

Sr. Alcalde. Contesta que non. Explica que xa faláron co propietario da finca e xa chegaron a acordo.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

18.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPa PARA A SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN LUMINOSA DOS PASOS DE PEÓNS DA AVENIDA PONTECESURES E AVENIDA COMPOSTELA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Os pasos de peóns existentes ao longo das Avda. Pontecesures e Avda. Compostela carecen de sinalización luminosa axeitada co cal son un perigo constante e continuo para todos os peóns que cruzan diariamente por eles especialmente en épocas de outono -inverno cando a luminosidade diúrna diminúe, estando expostos a que se produzan accidentes non desexables ao non percatarse os mais de 15.000 vehículos que circulan diariamente por este tramo da N-550 da súa existencia.

É polo que se PROPÓN o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Tomar acordo plenario de dirixirse á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia que proceda a sinalización con sinais luminosas de tódolos pasos de peóns existentes na Avda de Pontecesures e na Avda de Compostela ao seu paso pola nosa Vila.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que hai que poñerse en contacto coa Demarcación de Estradas en Galicia e chegar a un acordo para poñer sinais luminosas en todos os pasos de peóns dende Pontecesures ata Iria ou ata Pazos porque agora na época invernal non se ven e son pasos moi perigosos: o do Xardín, o de Iria, o do cuartel da Garda Civil e o da Fundación Camilo José Cela.

Sr. Santaló Ríos. Di que están presentando mocións continuamente para que se tomen medidas, unhas para incrementar os pasos de peóns e outras para que se poñan semáforos de pulsación rápida. Que agora

teñen unha circunvalación e hai que tomar medidas disuasorias e a liña a seguir é complementar con todas as medidas que se están facendo.

Sr. Alcalde. Explica que se fixeron diferentes solicitudes e a Demarcación está interesada en ceder o tramo ao Concello para que sexa de titularidade municipal, pero para iso hai que facer unha cantidade de obras que non están dispostos agora mesmo a acometer.

Sr. Rodríguez Conde. Lembra unha reunión que tiveron o Alcalde e el cos técnicos da Demarcación na que dixeron que non había problema algún en colocalos pero tiñan que ser pagados polo Concello. Pide que tomen nota porque a Deputación sempre saca algunha liña de subvención para estes casos.

Sr. Forján Seoane. Di que, retomando o dito polo señor Alcalde, había unha opción na Fundación Camilo José Cela: abrir ata as casas, facer aparcamentos e facer unha entrada ampla e isa proposta a presentara Estradas.

Sr. Alcalde. Di que diso non, pero que había unha proposta para que desde a rotonda do Scala se cedera ao Concello a titularidade e facer todo o que se esta pedindo nas mocións, pero para iso terían que facer unha serie de obras moi importantes e collela sen as obras supón que o Concello estaría cargando con responsabilidades e gastos.

Sr. Forján Seoane. Comenta que para eliminar o tráfico pesado, alomenos no casco urbano, o mellor sería facer pasos elevados nos pasos de peóns.

Sr. Alcalde. Considera que debería ser Estradas quen o fixera.

Sr. Forján Seoane. Contesta que está falando de quen o ten que propoñer si no pleno houbera un acordo. Que ao mellor poñendo vadéns altos eliminábase tamén o paso dos camións.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

19.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DA CIPa PARA INSTAR A ADIF PARA O ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA ESTACIÓN DO FFCC.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:


<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio da antiga estación do FFCC de Padrón sita no lugar da Matanza e que hoxe é un simple apeadoiro presenta un estado de conservación e decoro lamentable, incumprindo a ordenanza municipal de ornato público. Situación nada comparable coa importancia de antano na que era unha das estacións importantes da liña Cones-Carril (inaugurada o 15/09/1873) e que permaneceu así ata fai unha década.

A situación actual dista moito da que debera ser é incide nos versos do poeta cando manifestaba "calquera tempo pasado foi mellor".

As paredes cheas de grafites, o mobiliario destartalado, a pintura do inmovible de rosa chillón, máis propio dunha serie americana de debuxos animados de gran éxito fai uns anos como era "la pantera rosa".

Ah pero si lle engadimos que está situada a carón da Fundación Rosalía de Castro, nun entorno cultural de primeiro orde que recibe a visita de milleiros de visitantes ao longo de todo o ano. Que están en plena zona BIC, zona de influencia dun Plan Especial de protección patrimonial non deixa de ser esperpéntico e un contrasentido. Unha clara mostra de "chapuzas made in Galicia, sito distinto".



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Situación que poden comprobar ducias de estudantes do Sar e do Barbanza que tódolos fins de semana se desprazan para Santiago, Coruña, Pontevedra e Vigo e impasibles ven como o da estética e a disciplina urbanística non vai con Padrón e atónitos ante desolador panorama, non lle queda outra que manifestar: Padrón sitio distinto.

É polo que se PROPOÑEN os seguintes ACORDOS DE RESOLUCIÓN:

Que o goberno municipal se dirixa oficialmente ao Ministerio de Fomento – ADIF instando urxentemente:

-Que se proceda ao pintado exterior da estación cunha cor acorde co entorno na que se sitúa, ao non estar permitido esa paleta de cor nas ordenanzas municipais e patrimoniais.

-Que se proceda á restitución e substitución do mobiliario deteriorado.

-Que se habiliten uns lavabos públicos dignos.

-Que se habilite un hall na antiga sala de espera do inmoble para resgardarse das inclemencias metereolóxicas.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que se trata de que a antiga estación do tren, que hoxe é un simple apeadoiro, agora as paredes están cheas de grafites, o mobiliario está destartalado, a pintura é rosa "chillón" e parécelle lamentable porque a estación está situada nunha zona integrada nun ben de interese cultural como é a Casa Museo Rosalía de Castro, á que acuden milleiros de visitantes todos os anos. Que moitos estudantes do Barbanza e do Sar que van e veñen ás diferentes universidades ven ese feísmo. Pide ao equipo de goberno que solicite de ADIF que proceda ao pintado exterior da antiga estación do tren nunha paleta de cores máis acordes co entorno onde está situada, en zona BIC. Que se proceda á restitución e substitución do mobiliario deteriorado, que se habiliten uns lavabos públicos dignos e que se habilite tamén un "hall" na antiga sala de espera do inmoble para resgardarse das inclemencias metereolóxicas.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da CIPa de data 1 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

20.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE AXP SOBRE O MANTEMENTO DA REDE XERAL DE SUMIDOIROS.

Polo señor González Pardal dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<EXPÓN

Que en época de choivas abundantes hai algunhas zonas do concello onde a rede de sumidoiros de augas pluviais non está en condicións óptimas para evacuar toda a auga que recibe e en outras zonas non existe.

Que en moitas zonas os sumidoiros de augas pluviais están atascadas con terra e herbas, polo que o problema é maior.

Que debido á falta de mantemento e limpeza da rede de sumidoiros, en época de choivas créanse zonas polas que é imposible transitar a pe, polas bolsas de auga de choiva que se forman.

Que hai zonas do concello nas que non existe o servizo de sumidoiros e noutras nas que o existente está obsoleto e é insuficiente (Urbanización Azucarera por exemplo).

Considerando estes e outros aspectos acerca do mantemento, limpeza e ampliación da rede de sumidoiros do Concello de Padrón, sendo este un servizo municipal obrigatorio.

Alternativa por Padrón propón estudar e debater este asunto no vindeiro Pleno ordinario do día 24 de novembro, polo que presenta a seguinte

MOCIÓN

-Que o Concello de Padrón elabore un PLAN ANUAL de mantemento da rede de sumidoiros de todo o concello, incluíndo a limpeza de tódolos sumidoiros.

-Que se limpen tódolos sumidoiros de augas pluviais atascados antes da época de choivas para minimizar o problema que estas ocasionan.

-Que se amplíe a rede de sumidoiros ás zonas carentes deste servizo municipal obrigatorio.

Acompáñase esta moción con imaxes de algúns exemplos do citado anteriormente e copia de dúas notas de prensa (datas: 28/04/2015 e 01/10/2016) que fan referencia ó exemplo concreto da zona da Azucarera.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. González Pardal. Explica que hoxe pola mañá, que choveu, veuse como estaban atascados os sumidoiros de augas pluviais en diversos puntos do Concello e por iso pide que o Concello limpe todos os sumidoiros de augas pluviais antes da época de choivas e que se faga un plan anual de mantemento da rede de sumidoiros de todo o Concello e que se amplíe a rede a todas aquelas zonas do termo municipal onde non chega.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que canto tiñan responsabilidades de goberno, a finais de setembro a través do GES realizaban esas tarefas de limpeza de entrada de augas pluviais antes de que empezara a chover e tamén na zona do Espolón se recollía a folla. Que están de acordo coa moción.

Sr. Forján Seoane. Di que están de acordo pero que non se poden esquecer de que ao mellor non se atascan pero si que intoxican coma o que está xunto ao Cruceiro de Fondo de Vila polo tufo que botan.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que alí está o alcantarillado mal porque están as tubaxes todas fundidas.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Anqueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción da AxP de data 21 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

21.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á FALLA DE MANTENIMENTO DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS E ÁREAS RECREATIVAS.

Polo señor Forján Seoane dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<Exposición de motivos

Non é a primeira vez que traemos a pleno o mal estado de conservación en que teñen as pistas deportivas e as áreas recreativas do concello.

Non caso das pistas polideportivas do río vello, é de lamentar que levan meses co peche deteriorado, na actualidade xa falta boa parte del e, por outro lado, que a limpeza da maleza non se faga coa periodicidade necesaria e cando se fai os restos da maleza queden dentro do recinto ata que se descompeñen polo paso do tempo.

Como xa temos comentado, son un grupo de goberno sin o mais mínimo interese polo pobo e polo mantemento do mobiliario e instalacións municipais, sirva tamén como exemplo a área recreativa de Herbón, con farolas, bancos... destruídos desde fai tempo.

Polo exposto, sometemos á consideración do pleno a aprobación da seguinte proposta:

Instar ao alcalde e grupo de goberno (PP) para que se proceda á limpeza e acondicionamento das pistas polideportivas e áreas recreativas de titularidade municipal.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Explica que é unha moción reiterativa pero vense na obriga de presentala outra vez porque por parte do equipo de goberno non se fixo practicamente nada. Que vendo as fotografías non se necesita ningunha explicación porque a pista polideportiva que foi construída no ano 2009 ou 2010 ten o pavimento totalmente deteriorado por falta de mantemento e esta proposta foi a pleno hai máis dun ano e as condicións hoxe son moito peores. Que fai un mes ou mes e medio procederon ao desbroce desa pista pero todo o que descrozaron quedou dentro da pista e aí segue. Que as farolas de Herbón non hai por onde collelas, os bancos sen respaldo e podres. Que nas fotos só hai dúas zonas reflectidas pero pode facerse extensivo a outras moitas partes do Concello. Piden que manteñan o mobiliario público e se destine parte do orzamento a manter ese mobiliario. Que as farolas da avenida Camilo José Cela ao final xa as pintaron, pero esqueceronse das da estrada vella.

Sr. Alcalde. Di que o fan cando teñen xente.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non se esqueceron, senón que choveu e non puideron pintar.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que se traen ao pleno de hoxe unha batería de mocións que casi todas son reiterativas e que se aproban e despois non se realizan. Pide ao señor Alcalde que se tomen medidas xa que si se aproban polo menos as cumpran.

Sra. Rey Pazos. Di que dende que VP chegou a este pleno veñen reiterando o mantemento das pistas, do mobiliario, das instalacións e é fundamental e non ten sentido facer cousas novas se despois non son capaces de mantelas.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidas polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardaí, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e

señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do PSdeG-PSOE de data 17 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

22.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VP SOBRE PUBLICACIÓN AXENDA ALCALDE E CONCELLEIRAS E CONCELLEIROS.

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O preámbulo da Lei 19/2013 do 9 de decembro establece como un obxectivo de primeira orde para as sociedades democráticas modernas a transparencia e o acceso á información como vehículo para establecer unha relación máis próxima entre os cidadáns e os seus representantes públicos. Pois, unha sociedade máis crítica e mellor informada ten capacidade para presionar aos seus políticos para realizar unha mellor e máis honesta labor de Goberno e isto repercute positivamente na eficacia e na optimización de recursos.

Tal e como sinala dita Lei, "só cando a acción dos responsables públicos sométese ao escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan poderemos responder a unha sociedade que é crítica e esixente". Os cidadáns deber ser árbitros do escenario político empoderados de información veraz e precisa sobre a actuación dos seus representantes, estes deben de ter canles suficientes de participación e expresión ao longo de todo o exercicio e poder comunicarse de maneira constante e fluída cos seus gobernantes para xulgar o seu labor a enriquecela ao mesmo tempo alimentando de realidade a acción dos políticos.

Nos últimos tempos os cidadáns demostraron a súa desconfianza na política e nos políticos. Este desconfianza, en parte vén dada pola opacidade que existe nas actividades que enmarcadas dentro da vida municipal realizan os concelleiros das Corporacións como encontros con asociacións, sindicatos, empresas, colectivos ou outras organizacións da sociedade civil onde se negocian e tratan asuntos interesantes para os cidadáns. Devanditos encontros en moitas ocasións levan gastos de representación asociados como viaxes, estancias en hoteis ou comidas que se cargan aos orzamentos municipais.

A axenda de todos os concelleiros deberían ser de dominio público e por tanto, accesible a todos os veciños que o desexen. Actualmente, non se publica na web municipal actos relevantes nos que participa o señor alcalde como poden ser roldas de prensa, inauguracións ou outros eventos que ao noso xuízo tamén teñen relevancia.

De Veciños de Padrón apostamos por que a transparencia sexa a máxima que guíe a actividade municipal polo que consideramos que a publicación das axendas completas e as viaxes dos políticos no exercicio do seu cargo sufragados con diñeiro público é un xesto de honestidade cara aos cidadáns facilitando o seu dereito para estar informados e contribuíndo a un labor máis eficaz.

Por todo o exposto, consideramos que o dereito para estar informados dos cidadáns esixe os esforzos necesarios por parte dos seus representantes, propoñemos os seguintes ACORDOS:

1.- Facer pública a axenda completa diaria e detallada do Alcalde e de todos os concelleiros/-as do equipo de goberno no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc, antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma.

Entendase por información a publicar a seguinte:

- Data e lugar no que se celebrou a reunión.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Nome do grupo de interese co que se reuniron e tipo de organización (empresa, asociación, etc.).
- Nomes de todas as persoas que participaron na reunión (por parte do partido e do grupo de interese).
- Tema e principais puntos tratados na reunión. Se hai acta ou minutos, publicación das mesmas.
- Documentos entregados. Publicación dos documentos entregados.
- Información sobre os seguintes pasos e canles de comunicación acordados.

2.- Facer públicos as viaxes que os concelleiros realizan no desempeño do seu cargo e que se sufragan con fondos públicos. Así mesmo farase unha breve descrición de cada un deles sinalando a data, o motivo, o medio de transporte e unha vez deuse orde de pago, o importe total de viaxe desagregada (transporte, aloxamento, comidas, etc). A información deberá de estar dispoñible nun prazo non superior a 15 días hábiles tras a realización da viaxe.

3.- Publicar as informacións na web municipal habilitando un espazo especial na portada con ligazón directa á información.>>

Seguidamente a señora Rey Pazos dá conta da seguinte enmenda á moción de VP de data 29 de setembro do 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Veciños de Padrón apostamos pola transparencia como pilar fundamental para rexer as relacións entre a administración pública e os seus políticos coa cidadanía, por iso, e co fin de lograr un acordo de mínimos en relación á publicación da axenda do equipo de goberno procedemos a realizar a seguinte

EMENDA en relación co punto número 1 da moción antes citada e que versa:

"1.- Facer pública a axenda completa diaria e detallada do Alcalde e de todos os concelleiros/-as do equipo de goberno no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc, antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma.

Entendase por información a publicar a seguinte:

- Data e lugar no que se celebrou a reunión.
- Nome do grupo de interese co que se reuniron e tipo de organización (empresa, asociación, etc.).
- Nomes de todas as persoas que participaron na reunión (por parte do partido e do grupo de interese).
- Tema e principais puntos tratados na reunión. Se hai acta ou minutos, publicación das mesmas.
- Documentos entregados. Publicación dos documentos entregados.
- Información sobre os seguintes pasos e canles de comunicación acordados."

Quedando agora a súa redacción da seguinte maneira:

"1.- Facer pública a axenda completa diaria e detallada do Alcalde e de todos os concelleiros/-as do equipo de goberno no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc, antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma.

Entendase por información a publicar a seguinte:

- Data e lugar no que se celebrou a reunión.

- Nome da persoa ou persoas do equipo de goberno que participaron na reunión.
- Nome do grupo de interese co que se reuniron e tipo de organización (empresa, asociación, etc.).
- Tema e principais puntos tratados na reunión."

Non producíndose debate sobre a emenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Tres (3), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación aproba, por maioría, a emenda presentada.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que esta moción xa se incluíu no anterior pleno pero non chegaron a acordo e agora decidiu baixar as expectativas porque neste momento prefire ter ese mínimo que non ter nada. Cree que é importante esa publicación e lle pode dar moita información á cidadanía e incluso á oposición para facer a súa labor de fiscalización. Que Veciños de Padrón leva dende o primeiro momento dicindo que a transparencia é fundamental para que a cidadanía saiba o que facemos.

Sr. Alcalde. Di que xa o debatiron na comisión e tamén noutra ocasión e explicou que ou ben teñen unha persoa pegada aos concelleiros e ao Alcalde ou é imposible levar unha axenda coma a que quere a señora Rey Pazos e preguntalle que si dentro destas publicacións da xente coas que se reúnen tamén hai que publicar cando o Alcalde ou algún concelleiro o fai con algún outro grupo municipal da oposición.

Sra. Rey Pazos. Contesta que na primeira moción si que puxo o grupo de goberno pero despois o cambiou porque si o señor Alcalde ten tanto traballo para facer a súa, parecía darlle máis e non quere. Que a maiores pensou que os concelleiros da oposición non teñen potestades máis aló do pleno e este xa é público de por si.

Sr. Alcalde. Replica que non é iso, senón que se o Alcalde ou o equipo de goberno se reúne con algún outro concelleiro da oposición habería que publicalo na axenda e na páxina web e poñer o contido da conversación.

Sra. Rey Pazos. Contesta que si.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que lle parece que o obxectivo de transparencia que queren conseguir está moi mal encamiñado. Que hai unha Lei de transparencia e un Portal de transparencia que non se cumpre e isto non se vai poder facer e vai minguar a fiscalización real que eles teñen que facer polo que lle parece pouco viable e realista. Que primeiro teñen que cumprir toda a normativa que hai ao respecto. Que non lle parece axeitado polo que vai votar en contra.

Sr. Rodríguez Conde. Di que no pleno de setembro xa votara a favor desa moción porque considera que todo o que sexa de interese xeral débese de saber. Que con respecto ás reunións que se poidan ter con algún veciño hai que ter sentido común e ver si se pode publicar ou non. Pregunta, con respecto ao punto tres desta moción, si se podería publicar na páxina web.

Sra. Rey Pazos. Di que xa non aparece o dos veciños.

Sr. Alcalde. Pregunta quen a vai publicar, quen vai teclear a axenda do Alcalde na páxina e no punto ese, porque, ademais das horas que teña que botar pola axenda do Alcalde ou o equipo de goberno, ten que botar



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

unha hora máis para poñer con quen estivo falando todo o día e do que estivo falando. Di que non é só por perda de tempo senón que hai cousas que non se poden poñer na páxina web.

Sra. Rey Pazos. Comenta que si é posible, que no Concello de Torrelodones si é posible e indican moitas máis cousas e só ten que querer. Que si as mocións que se aproban non se cumpren, si ven todos como está o pobo, pregunta ao señor Alcalde a que dedica o seu tempo.

Sr. Alcalde. Contesta que en traballar.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa incorporación da emenda presentada, a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Tres (3), emitidos polos concelleiros do PGD, señor Rodríguez Conde e Guillán Iglesias e pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

VOTOS EN CONTRA: Cinco (5), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Oteru e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes non aprobar a moción de VP de data 15 de novembro de 2016.

23.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VP SOBRE A BAIXADA DE RETRIBUCIÓN BRUTAS.

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 21 de novembro de 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a Real Academia da Lingua Española, un alcalde defínese como a "Autoridade municipal que preside un ayuntamiento y que ejecuta los acuerdos de esta corporación, sin perjuicio de sus potestades propias, y es además delegado del Gobierno en el orden administrativo".

O artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece, entre outras, as seguintes atribucións dun Alcalde/-sa:

- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- Desenvolver a xestión económica de acordo co Orzamento aprobado.
- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobados polos Pleno.
- Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal.
- Aprobar os instrumentos de planeamento do desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais.
- Ordenar a publicación e execución e facer cumprir os acordos do Concello.

O artigo 75.1 desa mesma lei establece que "os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no

Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior". Así, conforme ao acordo plenario do 2 de xullo de 2015 o Alcalde percibe unha retribución bruta anual de 37.000 €.

A Real Academia da Lingua Galega define aos concelleiros/-as como "cada un dos membros que, xunto co alcalde, teñen ao seu cargo a administración dun concello."

Na sesión do Pleno celebrada o 2 de xullo do 2015, adoptáronse os seguintes acordos relacionados co recoñecemento e a aprobación da dedicación parcial, así como as retribucións brutas anuais a percibir polos seguintes cargos e para os/as concelleiros/as que ostentan delegacións específicas pola dirección e xestión dos servizos que se sinalan a continuación:

- Concelleiro/a delegado/a de cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, información e comunicación: 16 horas semanais, Retribución: 11.500 €.
- Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo (excluído o ámbito do casco histórico), vías e obras (excluído o ámbito do casco histórico) e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumeadado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cemiterios: 16 horas semanais; Retribucións: 11.500 €.
- Concelleiro/a delegado/a de deportes, promoción do emprego e traballo, persoal, réxime interior e tráfico: 12 horas semanais; Retribución: 7.500 €.
- Concelleiro/a delegado/a de festexos, novas tecnoloxías, educación e ensino, benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados: 12 horas semanais; Retribución: 7.500 €.

Durante os cinco anos e medio de goberno do Partido Popular os diferentes membros da oposición, e esta concelleira en concreto durante ano e medio, puidemos constatar múltiples incumprimentos das que entendemos son as obrigas dun goberno municipal; incumprimentos que puxemos de manifesto pleno tras pleno sen obter resposta. En moitos casos se propuxeron, ademais, moción como solución a estas situacións, que foron aprobadas por maioría plenario pero que aínda así non foron executadas polo goberno.

Algúns destes incumprimentos supoñen situacións que obrigan á Interventora Municipal a realizar diferentes reparos suspensivos, que son levantados polo Alcalde sen que busque ningunha solución definitiva aos mesmos; o que evitaría ter ao Concello incumprindo a normativa existente e producíndose así un prexuízo para ás arcas municipais. Referímonos, máis concretamente, ás seguintes situacións:

- Facturas relativas ao servizo de limpeza dá praza de abastos (Reciclaxes do Sar S.L., Redosar); ao subministro de materiais de obras (Comercial Moncho S.L.); á limpeza de distintas dependencias municipais (Seigal S.L e Adina Xestión S.L.); ao servizo de atención de dependencia (Servizos Sociais Ulla Sar S.L.) e ao subministro de materiais diversos (P&P Distribucións. Damián Perol Mariño; familiar, ademais, dun dos Concelleiros do equipo de Goberno).
- Facturas relativas ao pago a diferentes traballadores do Concello, en concreto, de Urbanismo e Rehabilitación. Postos de traballo que, como así o indica a Interventora Municipal, deberían ser exercidos por funcionarios públicos, o que implica sacar as prazas a concurso. Neste momento, esta situación está a ser denunciada polos propios traballadores que reclaman, ademais do seu recoñecemento como persoal laboral indefinido, cuantiosas indemnizacións que serán aínda maiores se non se resolve con urxencia esta tesitura.
- Contratos prorrogados e non licitados, vulnerando a lexislación de contratos da Administración Pública, como son os relativos á xestión da gardería infantil municipal (Pequenos Escolares S.L.); á recollida de residuos sólidos urbanos (Inbisa Servizos e Medio Ambiente S.A.); a xestión laboral do Concello de Padrón (Consolo Abad Pampín e outros S.C.) e a xestión do Centro Social.

A maiores, debemos incluír outra serie de supostos que poñen de manifesto a inactividade deste goberno, e



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

que xera un prexuízo para a administración e as súas arcas:

- Deixar precibir expedientes sancionadores (Ex.: Exp. 01/2016 OP ou o Exp. 01/2016 DP).
- Non proceder ao cobro das eaxas establecidas nas Ordenanzas Municipais (Ex: taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e toldos con finalidade lucrativa).
- Non executar os acordos plenarios (Ex: moción de Veciños de Padrón en relación coas pistas aprobada no Pleno do 24 de setembro de 2015).

Tamén debemos destacar o feito de que nos, cinco anos e medio de goberno, non se realizaron uns orzamentos que se axusten á situación actual, prorrogándose os existentes do anterior goberno. Lembramos aquí a importancia da realización dos orzamentos para a estabilidade orzamentaria, e como instrumento que permite unha valoración obxectiva da situación económica da entidade, da transparencia, da execución e da aplicación da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Económica.

Os orzamentos teñen, ademais, unha connotación de "valor superior da democracia", pois entendemos que é máis democrático que un documento como este, que afecta a toda unha poboación, sexa debatido e aprobado polo Pleno dun Concello que non prorrogado, ata o de agora e aparentemente de xeito indefinido, por un goberno municipal que non quere exercer as súas obrigas.

Engadir por último que, a maiores do indicado, o goberno do Partido Popular está a aprobar o pago de facturas a través de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito, unha figura que debería usarse só de xeito excepcional, e que está utilizándose para aprobar un volume de facturas cada vez maior (incremento de máis dun 56% en canto a cantidade a pagar con respecto ao ano anterior) o que implica unha mala xestión por parte do goberno municipal.

Dende Veciños de Padrón entendemos que este é unha situación insustentable, e que como membros da oposición debemos levar a cabo todas as medidas das que dispoñemos para resolver e mellorar esta realidade. Somos conscientes de que son circunstancias xudicialmente denunciáveis, pero tamén de que, de facelo así, poderían causar un prexuízo maior ao Concello e sobre todo ás arcas municipais. Por este motivo, e aínda que a nosa formación está disposta a valorar adoptar esta medida, cremos que recorrer ao amparo dos tribunais debe ser so o noso último recurso.

Para expoñer esta moción queremos facer, por último, un simil coa lexislación laboral, que recolle a obrigación do traballador (no caso que nos ocupa serían o Alcalde e os Concelleiros/-as) de realizar o traballo convindo (atribucións recollidas na LBRL); e que o empresario (cidadanía representada a través dos diferentes grupos políticos) ten a potestade para suspender de emprego e soldo ao traballador por razóns disciplinarias. No caso que nos ocupa, a medida que podemos levar a cabo como oposición polo incumplimento reiterado por parte do equipo de goberno das súas obrigas é esta baixada das retribucións a percibir.

Veciños de Padrón considera que esta situación, que é posible no mundo laboral, pode ser perfectamente aplicada aos membros dun goberno; sobre todo cando a súa inactividade, apatía e deixamento teñen consecuencias na cidadanía de Padrón. A función dun cargo público debe ser exercida baixo os principios de eficacia, eficiencia, responsabilidade da xestión pública, programación, desenvolvemento de obxectivos, control da xestión e os resultados, obxectividade e transparencia. Cando non ocorre así, como consideramos que sucede neste caso, estase a producir unha falta de respecto á cidadanía que merece, canto menos, que o resto de representantes políticos tomen medidas deste extremo, e todas as que a lei permita.

Por todo o exposto, e considerando que é obriga dos membros do goberno cumprir cos seus deberes e responsabilidades, algo que non están a facer neste momento; propoñemos os seguintes

ACORDOS:

1.- Redución da retribución bruta mensual nun 10% ao Alcalde e aos demais Concelleiros e Concelleiras do equipo de goberno, dende a aprobación deste acordo.

2.- Revisión da situación e valoración das medidas tomadas para solucionar os problemas expostos en seis meses.

3.- Compromiso de incrementar o 10% reducido conforme ao punto primeiro, tan pronto como se demostre que se están tomando medidas que solucionen de maneira efectiva as situacións aquí expostas, e así o entendan os membros que forman o Pleno desta Corporación.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que esta moción pretende a redución salarial do Alcalde e dos concelleiros do goberno nun 10% e toman esta medida despois dun ano e medio intentando que se fagan as cousas. Que pretenden que o Alcalde e o equipo de goberno cumpran coas súas obrigas recollidas na lexislación e así evitar os prexuízos que está a sufrir o Concello. Que os motivos de traer esta moción hoxe aquí son varios: algúns deles levan á interventora municipal a realizar reparos suspensivos que son levantados continuamente polo señor Alcalde e aínda que a Lei o permite tamén obriga a buscar solucións; e son a limpeza da praza de abastos, o subministro de material de obras, a limpeza nas distintas dependencias municipais, as reparacións no alumeadado público, o servizo de atención á dependencia, o subministro de materiais diversos, neste caso incluso familiares directos dos concelleiros do goberno, tamen hai facturas de pago a diversos traballadores do Concello como os de rehabilitación e urbanismo e trátase de contratos que a interventora municipal ven dicindo que hai que sacalos a concurso porque son funcións propias de funcionarios e non as pode realizar outro persoal. Que hai contratos prorrogados e non licitados como o da xestión da gardería municipal, a recollida de residuos sólidos urbanos, a xestión laboral do concello de Padrón, a xestión do centro social e nestes últimos informes da intervención municipal atopan un novo reparo suspensivo relacionado coa contratación de familiares en concreto do Concelleiro Andrés, que a interventora municipal considera que tampouco se pode. Que a maiores hai outra serie de supostos que poñen de manifesto a inactividade deste goberno como son os de deixar prescribir expedientes sancionadores, non proceder ao cobro de taxas establecidas nas ordenanzas municipais como as de ocupación de terreos de dominio público con mesas e cadeiras de terrazas do ano 2015, non executar os acordos plenarios, a prórroga dos orzamentos ano tras ano que non permite unha valoración obxectiva da situación económica da entidade, o incremento das contías das facturas aprobadas por recoñecemento extraxudicial de crédito que neste último foi dun 50%. Cree que a situación é insustentable e está prexudicando ás arcas municipais. Que na moción faise un simil coa lexislación laboral porque cree que serve para explicar que si un traballador non cumpre coas obrigas que se establecen no seu contrato o empresario ten o dereito de suspendelo de emprego e soldo e o Pleno ten a potestade de baixarlle ao señor Alcalde a súa retribución e cree que é a súa obriga facelo. Entende que a función dun cargo público debe ser exercida baixo os principios de eficiencia, eficacia, responsabilidade na xestión, programación, desenvolvemento de obxectivos, control da xestión e dos resultados, obxectividade e transparencia, cousas que non ve neste goberno. Engade que non son inflexibles traendo esta moción aquí e están dispostos a revisar a situación despois dun tempo prudencial de 6 meses e chegar a un acordo para volver subir este salario que hoxe aquí se pretende rebaixar.

Sr. Alcalde. Di que para el e para o seu equipo de goberno traer a debate un asunto como este é un síntoma máis de populismo e de falta de interese polos problemas e demandas reais que a día de hoxe plantexan os veciños deste Concello. Dille que é unha irresponsabilidade. Que o salario dos membros da Corporación que exercen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou absoluta están suxeitos aos límites do artigo 75 da Lei de bases de réxime local, que establece no caso de Padrón que o salario do Alcalde non pode exceder de 45.000 € e o Pleno de organización deste Concello celebrado o 02/07/2015 acordou fixar dito salario en 37.000 €, cifra sensiblemente inferior á que cobran outros alcaldes. Comenta que un movemento veciñal similar ao Veciños de Padrón plantexou esta mesma medida no Concello de Cangas no ano 2010, chegando incluso a aprobarse no Pleno pero que foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza no ano 2015, e cando este movemento veciñal entrou aumentouse o número de Concelleiros e aumentouse o que cobraban, e que hai outros exemplos por toda a xeografía como o dun Xulgado en Lugo que tamén anulou unha rebaixa de retribucións aprobada no ano 2012. Que froito do exercizo de demagogia son os argumentos que usa a señora Rey Pazos para xustificar a moción. Salienta que xa numerosos xulgados a través de sentenzas veñen sinalando que a falla de motivación é unha desviación de poder dos acordos plenarios, que son adoptados no



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

sensu de modificar o réxime salarial dos cargos políticos, constitúen vicio de nulidade e obrigan ás administracións á devolución de tales percepcións económicas. Adianta que aínda que esta moción resulte aprobada non o vai reclamar ao Xulgado, aínda que teña o seu dereito, e os concelleiros tampouco. Que esta moción sinala a falla de dedicación dos concelleiros ás súas tarefas e recorda que o cargo de alcalde se exerce as 24 horas e pon o exemplo de que, cando a súa muller estaba dando a luz ás 8 da mañá, el ás 11 da mañá estaba no Concello asinando un contrato e ás 13:00 horas estaba celebrando un Pleno para o sorteo dos membros das mesas electorales. Que a presenza diaria no Concello supera amplamente a xornada laboral establecida na normativa para o alcalde e para o resto dos concelleiros. Que fala tamén na moción da situación económica do Concello e a ausencia do orzamento como motivo para incumplir as normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pero cando iso se produce, a través da análise da liquidación do orzamento anual, o Estado obriga a aquelas administracións a formular un plan económico-financeiro onde se recollan as medidas de incremento de ingresos ou redución de gastos que permitan acadar equilibrio, e Padrón non tivo que tomar esa medida e que sen embargo algúns dos concellos da provincia no 2016 si tiveron que facelo: Moeche, Fene, Dumbria, Carballo, Brión, Abegondo, San Sadurniño, Cerceda, Toques, Rianxo, Malpica, Betanzos, Melide, Vilamaior, Trazo, Vilasantar, Cabana de Bergantiños, Cerdido, Boiro, Coirós, Laracha, Santiso, Ares, As Pontes, As Somozas, Vimianzo, Cedeira, Sobrado, Vedra ou Valdoviño. Di que este Alcalde seguirá traballando para os veciños que libremente o elixiron e si a señora Rey Pazos quere gobernar e facer cambios importantes terá que gañar as eleccións ou presentar unha moción de censura. Que eles van votar en contra. Engade que sobre o símil da lexislación laboral efectivamente non se pode asimilar á lexislación laboral pero que si se asimilase realmente isto sería "mobbing" ou acoso laboral: intentar apretar retributivamente.

Pídelle á señora Rey Pazos que son se ría, que denota unha falta de respecto.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que as medidas que se acaban de enumerar no expoñendo da moción son coñecidas por todos os concelleiros e son problemas que precisan dunha solución xa, con contratos vencidos en fraude de lei e a el como conselleiro lle preocupan polas responsabilidades que poida ter. Que está de acordo no punto 2 dos acordos que se propoñen, pero non está de acordo co punto 1 nin co 3 porque a política é algo máis que dicir agora te quito e depois che dou, é un pouco máis seria que iso. Entende persoalmente que as remuneracións dos cargos electivos deberían estar regulamentadas por normativa para que non se prestaran á arbitrariedade política. Que é moi respetuoso con isto e pensa que toda persoa que sexa un cargo público en réxime de adicación total ou parcial ten dereito a percibir unha remuneración que compense esa adicación. Que si agora se lle está quitando a remuneración aos políticos o que se está permitindo é que só se adiquen á política aquelas persoas pudentes e que teñan poder adquisitivo e aí entrárase nunha dinámica moi perigosa e estaríase facendo unha discriminación negativa e nese aspecto non está de acordo. Que tampouco comparte o estrangulamento económico porque non lle parece bo para a democracia nin para as relacións municipais e si consideran que os cargos públicos non desempeñan ben o seu traballo existen mecanismos de fiscalización e control para impedir que o sigan desempeñando e, neste caso, a solución é moi fácil e si todos están de acordo que o están facendo tan mal e non se toman as medidas que se deben de tomar en tempo e forma, reúnanse as sinaturas necesarias e preséntese unha nova alternativa política mediante unha moción de censura. Que baixada de salarios non porque xa se fixaron nun acordo que se presentou ao Pleno por todas as forzas políticas e o seu grupo non está pola labor de volver reducilas.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que o BNG non está de acordo con este tipo de plantexamentos e esta medida é unha coacción non lexítima contra as persoas que neste momento están no goberno e que o mesmo argumentario político que xustifica esta baixada de soldos tamén se podería entender que é porque non se satisfacen determinados intereses, e iso non pode ser, é dicir, que si son amigos ou fan o que queren poñemos o soldo. Que lle parece que esta medida está completamente fóra de lugar porque isto é política e non é unha xestería. Que non vai discutir os argumentos pero hai outros mecanismos para exercer a crítica política e a labor de fiscalización e de censura política e non entrar neste tipo de xogos. Insiste que está fóra de lugar. Que o BNG nin pacta, nin vai pactar, nin pactou co PP, pero este xogo parécelle desleal.

Sr. González Pardal. Comenta que quedou sen argumentos porque xa está todo dito. Que hai outros mecanismos que están á orde do día porque teñen unha maioría absoluta na oposición e hai que sentarse e dialogar. Que o goberno se sente coa oposición e facer un plan e tirar para adiante, pero reducillo o salario aos

membros do equipo de goberno non lle parece unha medida axeitada.

Sr. Forján Seoane. Di que está de acordo con todos os prantexamentos e ao mellor o que se pretende con este estrangulamento económico é que se marche o grupo de goberno. Que o que teñen que ter os que están na oposición é ter a valentía de chegar a acordos, sentarse e facer propostas para mellorar a xestión si se pode.

Sra. Interventora. Solicita a palabra ao señor Presidente, quen lla concede, e pide que conste en acta que pola Intervención se reitera a advertencia feita na Comisión Informativa de que a proposta que se trae a Pleno é un acordo que ten repercusións económicas e orzamentarias e entende que é preceptivo e preciso o informe de Intervención para fiscalización previa.

Sra. Rey Pazos. Di que está un pouco cansa de que os que fan as cousas mal lle digan ao resto que son irresponsables, porque o que é irreponsable é coller un cargo e non facer o que ten que facer. Que en canto ao que dixo o señor Alcalde de anulación e desviación de poder, cando trouxo esta moción xa mirou todo iso e valorou, pero olvidouse dicir que esa baixada de soldo era dun 40%, pero o que se pretendía non era realmente esa baixada de soldos senón facer unha moción de censura e non se fixo. Cree que, cunha baixada do 10% revisable en seis meses e coa intención de volver a retribuír ese 10%, o feito de querer intentar que o goberno marche queda máis que disipado. Que queda claro que esa non era a súa intención, senón que a súa intención é que o goberno actúe e poñer todos os mecanismos que a lei dá para facelo. Que o señor Alcalde tacha de populismo a medida cando el explicou (sen querer ofender á súa familia) o da súa muller para dar pena, e pensa que ela demostrou neste ano e medio que é responsable e consecuente. Que non fala das horas que os concelleiros e o alcalde botan senón que fala de eficacia e que ese tempo realmente repercuta. Que xa non vai falar do "mobbing" porque lle parece alucinante, porque todas as cousas que dixo e publicou están avaladas por informes e datos obxectivos. Dille ao señor Rodríguez Carbia que tomou con ela un acordo do salario deste goberno e agora non pode dicir que non en base a que "eu decido si baixo ou subo" porque esa situación xa se deu cando todos decidiron ese salario. Que ela tamén é das que pensa que os cargos públicos deben de ter unha boa remuneración pero tamén cree que si tes unha boa remuneración o traballo ten que ser impecable ou polo menos demostrar o que se fai e que teña resultados e senón os ten ao igual non ten que estar aí e ser consecuente co que fai.

Sr. Rodríguez Carbia. Por alusión di que é certo e nunca o negou, senón que o que está dicindo é que non lle parece ben que no expoñendo do acordo a adoptar con esta moción "agora che quito e despois che podo dar". Que non se tratar de querer agora quitar e despois, si te portas ben, pódoche dar. Dille que así non e insiste que si a señora Rey Pazos está convencida de que as cousas se están facendo mal, de que non se está xestionando e de que non se lle están dando solución aos problemas, ten un mecanismo que non é outro que conseguir os votos necesarios e presentar unha moción de censura por rexistro no Concello, cun candidato alternativo ao señor Presidente.


Sr. Pardo Andrade. Comparte todo o que está dicindo o señor Rodríguez Carbia porque si a señora Rey Pazos cree que o están facendo tan mal o ten moi fácil: unirse e presentar unha moción de censura. Que xa non son rapaces para "hoxe che subo e mañá che baixo" e non pode dicir que eles non traballan, porque o farán mellor ou peor ou ao mellor non o fan ao 100%, pode estar de acordo, pero insiste que non é ningún rapaz nin os seus compañeiros tampouco.

Sr. Alcalde. Di que con iso non van ser nin máis amigos nin menos inimigos porque dentro de seis meses a señora Rey Pazos lle suba outra vez o 10% do soldo. Di que eles veñen aquí a traballar.

Sra. Rey Pazos. Di que entón, quitando aos alcaldes e aos concelleiros, o resto dos traballadores deben sentirse nenos porque cando non traballan se lles sanciona.

Sr. Alcalde. Contesta que o empresario se non cumples "dache pista" e si ela como empresaria considera que non cumpren "que lle dé pista".

Sra. Rey Pazos. Contesta que o seu grupo tendo só un representante na Corporación leva a pleno as medidas que dende a súa posición pode levar a cabo e seguirá tomando todas as medidas que considere oportunas



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

para presionar ao goberno para que faga o que ten que facer. Que queda claro que ela na súa posición que é de oposición trae esta moción a este Pleno, que é a súa obriga, e que si o Pleno ten a potestade de aprobar o salario do equipo de goberno pode acordar baixalo ou subilo.

Sr. Alcalde. Contesta que queda claro que si non se quixera traer esta moción a pleno nin o alcalde a metía na orde do día nin os demais concelleiros apurarían as súas correspondentes mocións para poder debatila.

Sra. Rey Pazos. Di que ten claro, en relación co que dixo o señor Santaló Ríos, que é política porque ela non está dicindo como o señor alcalde ten que resolver os problemas, senón que cumpra co mínimo legal, porque si aquí se traen mocións todos os días e non se cumpren, ela terá que facer o posible antes de chegar ao Xulgado porque é a seguinte medida que lle queda. Que o outro día solicitou por rexistro certificado do silencio administrativo positivo por non darlle documentación e que vai dando pasiños porque non é radical senón que empeza pouquiño a pouco, pero chega. Que non só é política porque aquí tamén hai que xestionar e ela non está de acordo coa xestión do goberno. Que manter contratos ilegais de forma indefinida non é política senón que é deixar que as cousas pasen. Que falan de moción de censura pero ela só ten un representante e non pode formar ela soa o goberno.

Sr. Forján Seoane. Deduce das palabras da señora Interventora que como ten repercusión económica, tal e como está presentada a moción, aínda que se aprobe neste momento, ao ter incidencia no orzamento, ao mellor non se pode cumprir.

Sr. Santaló Ríos. Reitera o que expresou e pensa que a señora Rey Pazos ten unha confusión porque toda a crítica política e as medidas que tome van ser, probablemente, refrendadas e apoiadas, pero está entrando nun terreo onde está afectando a viabilidade das persoas e iso é coactivo e por iso el non vai participar.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Un (1), emitido pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

VOTOS EN CONTRA: Seis (6), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira e Pardo Andrade, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas polos concelleiros do PGD, señor Rodríguez Conde e Guillán Iglesias e polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes non aprobar a moción de VP de data 15 de novembro de 2016.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

24.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E TESOURARÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA RÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 3º TRIMESTRE 2016.

O artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que: <<Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo>>.

O apartado 4º do mesmo artigo establece que dito informe debe presentarse ao Pleno da Corporación Local e remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, rendición que se

fixo con data 23/10/2015.

Por outra banda, o artigo 5.4 do mesmo texto legal recolle que << La Intervención (...) incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos (...)>>

En cumprimento do mandato legal recollido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do informe emitido pola tesoureira e intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativa ao terceiro trimestre de 2016.

25.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 11-14/2016.

Considerando que ten entrado en vigor o 31/12/2013 a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, publicada no Boletín Oficial do Estado número 312, de 30/12/2013.

Considerando que dita norma regula no seu artigo segundo as modificacións introducidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que a redacción do apartado terceiro do dito artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é do seguinte tenor literal:

<< Tres. El artículo 218 queda redactado como sigue:

<< Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias


- 1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

- 2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*
- 3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local.>>*

En cumprimento do mandato legal recollido no artigo precedente, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

- Resolución do Alcalde número 538/2016, de 20 de setembro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 11/2016, de 20 de setembro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 48.978,48 €.
- Resolución do Alcalde número 622/2016, de 18 de outubro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 12/2016 de 18 de outubro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 64.216,16 €.
- Resolución do Alcalde número 642/2016, de 28 de outubro, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 13/2016, de 27 de outubro, interposto contra a aprobación das nóminas do mes de outubro do 2016 por importe total bruto de 163.349,74 €.
- Resolución do Alcalde número 677/2016, do 15 de novembro polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 14/2016, de 15 de novembro, interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 53.011,26 €.

26.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE DA NÚMERO 554/2016 Á NÚMERO 681/2016.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía da número 554/2016 á número 681/2016.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta pola resolución nº 672/2016 pola que se lle impón unha multa de 2.500 € a Galp Enerxía España SAU.

Sr. Alcalde. Contesta que é porque se está facendo a inspección pola declaración do 1,5% por uso do solo e subsolo e se lle esixe o importe que consta aí e a está facendo NORCONTROL.

Sra. Rey Pazos. Pide a palabra.

Sr. Alcalde. Di que lle dá a palabra en rogos e preguntas se non é para falar dun decreto.

Sra. Rey Pazos. Di que non, que é para dicir o de sempre en relación co punto anterior dos reparos suspensivos.

Sr. Alcalde. Contesta que para iso non. Que xa lles falou dos reparos.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se entón lle nega a palabra, que non lle dé escusas.

Sr. Alcalde. Contesta que lle dá a palabra para consultas sobre un decreto.

Sra. Rey Pazos. Replica que ela quere falar porque ten dereito a falar e volve preguntar si lle deixa falar ou lle está negando o seu dereito a falar.

Sr. Alcalde. Reitera que lle dá a palabra para preguntar por un decreto.

Sra. Rey Pazos. Di que si lle dá a palabra decidirá ela o que quere falar.

Sr. Alcalde. Dalle a palabra ao señor González Pardal. Pide á señora Rey Pazos que non interrompa.

Sr. González Pardal. Pregunta pola resolución nº 590/2016.

Sra. Rey Pazos. Di que se vai porque non admite que non se lle dé a palabra neste pleno.

Sr. Alcalde. Pídelle á señora Rey Pazos que non interrumpa o pleno.

Sra. Rey Pazos. Dille que o interrompe el ao non darlle a palabra cando ten dereito.

Sr. Alcalde. Manda sair do pleno á señora Rey Pazos.

Sendo as vinte e tres horas e trinta e un minutos abandona o Salón de Sesións a señora Rey Pazos.

Sr. González Pardal. Retoma a pregunta sobre a resolución nº 590/2016 de alumbrado público en varios lugares de S3 SYSTEM & SOLUTIONS.

Sr. Alcalde. Aclara que é unha obra de aforro enerxético que se sacou a concurso por importe de 37.133 € e adxudicouse a esa empresa.

Sr. Forján Seoane. Pregunta que agora están nun punto de dación de conta e entón non hai debate.

Sr. Alcalde. Contesta que efectivamente non hai debate, que están no punto de dación de contas das resolucións do alcalde polo que non hai debate e as preguntas e os rogos son ao final. Que si excepcionalmente se pregunta por algún decreto e se pode contestar ao momento, non hai problema e se contesta. Que hai situacións que se buscan.

27.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose a seguinte:

MOCIÓN DE URXENCIA. MODIFICACIÓN DO DOMINIO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PADRÓN.

Dase conta da seguinte motivación da urxencia da proposta de data 23 de novembro de 2016, que di:

<<Visto o acordo plenario do 30 de outubro do 2014 polo que acordou o cambio do dominio do Concello a "padron.gal" e que este caduca o 25 de novembro de 2016 e visto que a sede electrónica do Concello é na actualidade "sede.concellodepadron.es",

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro. Ratificar a urxencia da presente moción para os efectos de poder modificar o dominio da sede electrónica do Concello a "sede.padron.gal" antes de que este caduque o 25 de novembro de 2016.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre a urxencia da moción, o Presidente somete esta a votación, resultando aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Seguidamente procédese ao debate e votación do asunto:

<<**MOCIÓN DE URXENCIA.- MODIFICACIÓN DO DOMINIO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PADRÓN.**



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Por acordo do Pleno da Corporación Municipal do 31 de outubro do 2013 aprobouse o Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial e para a xestión e administración da sede electrónica. Este acordo publicouse no Boletín Oficial da Coruña número 215 do 12 de novembro de 2013 e o 3 de decembro formalizouse o devandito Convenio entre ambas institucións.

O obxecto deste convenio e do acordo plenario foi, resumidamente, encomendar á Deputación Provincial a xestión da sede electrónica do Concello, a cal naquel momento denominouse "sede.concellodepadron.es".

Con posterioridade, o 30 de outubro do 2014, o Pleno da Corporación Municipal aprobou iniciar os trámites para cambiar o dominio do Concello a "padron.gal" o cal caduca o 25 de novembro de 2016. Sendo necesario polo tanto renovalo, a Deputación Provincial comunica que se debe aprobar o novo dominio da sede, é dicir, "sede.padron.gal".

Por todo o anterior Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar o novo dominio para a sede electrónica do Concello de Padrón que pasará a denominarse "sede.padron.gal".

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que mañá remata o prazo para reservar o dominio sede.padron.gal e necesita acordo plenario. Que xa o temos e está funcionando pero hai que reservalo para non perdelo para a sede e a administración electrónica.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se asina un convenio de colaboración o 31/10/2013 coa Deputación e en todo momento son sabedores de que o convenio vencía agora e non se explica porque un día antes de que venza someten por urxencia unha moción para aprobar. Que a esto chámase improvisación e non son modos de tomar acordos.

Sr. Alcalde. Contesta que el non sabe cando vencen todos os convenios.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que é normal pero en todas as administracións pónense alertas para que avisen cando vencen os contratos, pero non se pode vir un día antes ao pleno dicindo que mañá vence.

Sr. Alcalde. Pide á señora secretaria que o explique.

Sra. Secretaria. Contesta que exactamente non é así. Que efectivamente hai un convenio de colaboración que se asinou no 2013 por catro anos para que a Deputación xestione a sede electrónica do Concello. Que con posterioridade a ese convenio acordouse pasar todos os dominios a padron.gal e así se fixo na páxina web, correos electrónicos e demais, pero a Deputación comunica a través do servizo de informática que se queremos cambiar a sede electrónica para que remate tamén en padron.gal pero esta comunicación fíxose esta semana.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta se agora para entrar na sede electrónica teñen que cambiar o dominio ou vai funcionar igual.

Sra. Secretaria. Contesta que si.

Sr. Rodríguez Carbia. Pide que procuren axilizar a sede electrónica porque non está funcionando ben.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 23 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

Sr. Alcalde. Pregunta ao señor Rodríguez Conde se ten algunha moción para presentar por urxencia.

Sr. Rodríguez Conde. Di que, polo que lle comentou a señora secretaria antes de reiniciar o Pleno e vendo que tamén hai preguntas interesantes e que o feito de presentala xa conlevou certo movemento, e como ten un defecto de forma non a presenta e a retira.

28.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo presentado polo grupo político municipal da CIPa.

1.- Sr. Rodríguez Carbia. A antiga canle do regadío no lugar de Montaña, Vista Alegre (Iria Flavia) é un vertedoiro incontrolado, cheo de maleza a carón dun camiño público, sendo competencia municipal proceder á limpeza desta canle para evitar que se siga a depositar lixo e que a maleza creza as súas anchas no acceso a vivendas e propiedades.

PREGO do goberno municipal tome as medidas axeitadas no menor prazo de tempo posible e proceda a limpeza desta canle que é propiedade municipal.

Pregunta oral formulada polo grupo político municipal de AxP.

1.- Sr. González Pardal. Un camiño que hai alí detrás da Casa Dios que vai á casa de Juan Esperón pide si se pode adecentar ese camiño, aínda que non sabe si é de titularidade municipal ou non, por iso pregunta.

Sr. Pardo Andrade. Di que será camiño de servidumbre. Que o mirarán.

Pregunta presentada polo grupo político municipal da CIPa.

1.- Sr. Rodríguez Carbia. Por qué o goberno municipal non fai caso das queixas reiteradas do veciño Juan Esperón Guerra que solicita se proceda a limpala maleza existente a carón da súa propiedade no lugar de Herbón, nº 79, e que se está a incumprir a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra los incendios forestais de Galicia co beneplácito municipal?

Sr. Pardo Andrade. Di que as queixas son telefónicas e explica que a el o chamou unha vez por culpa dunha finca e díxolle que viñera polo Concello a facer un escrito para indentificar a parcela e non veu.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o problema é que o monte que está ao carón da súa vivenda está cheo de maleza e hai risco de incendio. Que o señor Pardo Andrade sabe por ser axente forestal que hai unha normativa.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que si, pero ten que vir polo Concello para presentar un escrito e asinalo, se el non pode que sexa alguén da familia.


Pregunta oral formulada polo grupo político municipal da CIPa.

1.- Sr. Rodríguez Carbia. Que se asfaltou a pista dende Iria a estación do tren pero non solucionaron o problema porque vai Renfe e tira o morrillo da vía para a pista. Pregunta senón se puido prever e colocar un bordillo.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non lle deixaban facer nada.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PGD.

1.- Sr. Rodríguez Conde. En decembro ao longo de varios anos veñen realizándose na Fundación Camilo José Cela unha actuación da Banda Municipal de música de Padrón. ¿Neste mes de decembro vai haber esta



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

actuación en dita Fundación?.

Sr. Alcalde. Contesta que vai ser na Igrexa de Iria.

2.- Sr. Rodríguez Conde. Con respecto ao informe de intervención, Asunto: Aprobación de facturas e gastos. Reparos suspensivos 14/2016. Hai un total de 29 facturas e de esas hai 18 que pertencen a Cándido Sanmarco e Hijos S.L traballos de fontanería en diversas instalacións públicas por un montante de 17.770 euros aproximadamente. Queremos saber si dende o goberno se solicitou varios orzamentos para eses traballos a realizar e que nos digan cales foron?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que si é un arranxo dunha tubaxe non se piden presupostos.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo si son facturas de 60 €, pero aquí están falando de facturas de 2.400 €, 2.100 €, 2.300 €, etc.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non se piden orzamentos porque cando se rompe unha bomba ou algo así hai que facelo xa.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta que sistema utilizan e en base a que para otorgar traballos de fontanería a mesma empresa?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que estaban traballando anteriormente e ás veces non chamas a outras pola rapidez. Que non é interese ningún.

Sr. Rodríguez Conde. Insiste en preguntar o sistema que seguen en avisar a esta e non a outra.

Sr. Alcalde. Contesta que porque cumpre.

3.- Sr. Rodríguez Conde. Con respecto ao informe de intervención. Asunto: Nómina do mes de outubro de 2016. reparo suspensivo 13/2016. No punto décimo segundo apartado 6 e no párrafo 3 "Como dicíamos, esta produtividade foi asignada mediante acordo da XGL de 10/03/2016, se ben esta funcionaria quere por de manifesto as súas dúbidas en canto á legalidade do acordo adoitado, xa que, aínda sendo fiscalizado favorablemente polo interventor accidental, entendemos que o mesmo non se axusta a dereito no caso de ser unha produtividade asignada con carácter fixo e periódico". ¿Que ten pensado facer o goberno? No parrafo anterior a conclusión, onde fala dun informe motivado do concelleiro de área, a absoluta imposibilidade de proceder á compensación das horas realizadas. Nese expediente hai ese informe do concelleiro ca motivación? ¿Que ten pensado facer o goberno para evitar que volva a pasar?.

Sr. Alcalde. Contesta que ten informe favorable polo accidental e cree que tamén pola anterior interventora. Que o técnico de deportes está realizando un traballo de superior categoría e o lóxico é que cobre algo máis. Di que todo o debate é polos informes de intervención, pero a intervención ten unha opinión e o goberno ten unhas posibilidades ou ten outras. Que un informe recorreu á señora interventora porque non está de acordo.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta se hai ese informe do concelleiro coa motivación de por que non se poden compensar as horas.

Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta que ten pensado facer o goberno para que non volva pasar.

Sr. Alcalde. Contesta que pensar moito.

4.- Sr. Rodríguez Conde. Diante do supermercado Eroski existe unha zona de estacionamento: ¿Queremos saber si esta zona de estacionamento é pública o privada? No caso de ser privada, ¿Pode o seu propietario pechar dito recinto?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que hai unha parte privada e a outra non saben ben si está cedida ao Concello.

Sr. Alcalde. Di que se vai consultar en urbanismo.

Sr. Rodríguez Conde. Solicita se lle informe sobre este tema.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. O 30.08.16, co número de rexistro 7.505, entraba no Concello unha solicitude de Barbatana SL, empresa "adxudicataria do contrato de xestión da piscina cuberta municipal" na que pedía por "razóns de tipo social, estratéxico, económico...unha modificación dos prezos públicos polos servizos da piscina municipal". ¿Que xestións se realizaron desde a concellería delegada de área e/ou alcaldía con respecto a solicitude de Barbatana SL?

Sr. Alcalde. Contesta que o 14/10/2016 realizouse un estudo desa solicitude, que se lle remitiu á licitadora o 18/10/2016 e o 3/11/2016 Barbatana prestou a conformidade ao estudo proposto polo Concello. Que se trata de facer unha nova ordenanza, sentarse todos e ver de aprobala en pleno.

Sr. Forján Seoane. Pide se lle pase copia do estudo.

2.- Sr. Forján Seoane. Este ano aplicouse a taxa por uso da piscina municipal de Esclavitude. ¿A canto ascenderon os gastos de funcionamento e os ingresos por uso da mesma?.

Sr. Alcalde. Contesta que os ingresos de entrada foron 6.607 € e a subvención solicitada á Deputación para socorrismo foi de 6.000 €, que fan un total de ingresos de 12.607 €, e os gastos foron de 6.952,66 de socorrismo, 2.609,98 en produtos de cloro e limpeza, analíticas de piscina 772,83, impresión de entradas 562,65, aluguer hidrolimpadora 276,61 e limpeza de dependencias 363,00, que fan un total de 11.537,83 € máis os gastos de luz, limpeza, servizos xerais, gastos indirectos e brigada de obras.

3.- Sr. Forján Seoane. Según vimos en varias actas da Xunta de Goberno Local estase sancionando a vehículos na Rúa Calvo Sotelo, cando na actualidade non existe no concello de Padrón ningunha rúa con ese nome. ¿Podería ser ese motivo suficiente para a anulación das sancións?.

Sr. Alcalde. Contesta que non son motivos suficientes para a anulación das sancións porque as sancións por infraccións de tráfico son resoltas por decretos da Alcaldía e o programa que se utiliza é da Deputación denominado Xestión Tributaria Territorial, no que se introduce o campo nome de vía, no que os posibles nomes das rúas veñen determinados por defecto polo programa da Deputación que é onde aparece o nome da rúa Calvo Sotelo, pero a maiores o propio programa habilita un campo libre, que se denomina ampliación de vía, e nese introdúcese o nome de vía Rúa Real, en tódolos casos, polo que non é motivo para anular as sancións.

Sr. Rodríguez Carbia. Recorda que cando se lle cambiou o nome ás rúas se lle mandou comunicación á Deputación e a todos os organismos.

4.- Sr. Forján Seoane. É consciente o sr. Alcalde e grupo de goberno de que algunha empresa pode estar a piques de abandonar o concello por non atopar sitio para instalarse, coa redución de postos de traballo que conlevaría a súa marcha?.

Sr. Alcalde. Contesta que é consciente de que hai unha empresa buscando unha nave de 200 metros de largo por 40 de ancho e non encontra.

Sr. Forján Seoane. Di que fala dunha nave normal do polígono.

5.- Sr. Forján Seoane. ¿Por que aínda non se respostou a solicitude presentada o 16.06.16 sobre xestións realizadas en base ao acordo plenario do 31.03.16, relativas ao Cuartel da Garda Civil?.

Sr. Alcalde. Contesta que lla remitiu por escrito e dende ese momento non fixo nada máis, pero volverá falar coa Subdelegación do Goberno.

6.- Sr. Forján Seoane. No pleno ordinario celebrado o 26.05.16, pto. 7, aprobouse a moción do grupo municipal



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

socialista que propoñía: "Instar ao goberno local ao mantemento adecuado da sinalización do Camiño, ao seu paso polo concello de Padrón, así como das sinais indicadoras de lugares, espazos de uso público, limitación de velocidade, do Camiño,... é de ser preciso, solicitar axudas/subvencións aos distintos organismos, Deputación, Xunta..., para a súa renovación. Como, despois de seis meses, a situación segue a ser a mesma, preguntamos: ¿Que actuacións fixeron para dar cumprimento ao acordo plenario adoptado no pleno ordinario do 26.05.16, sen ningún voto en contra?.

Sr. Alcalde. Di que lla contesta por escrito.

7.- Sr. Forján Seoane. No pleno ordinario do 26.05.16, pto 5, aprobouse por unanimidade xestionar a "sinalización dos accesos" a nova estación da Escravitude. Hoxe sigue sin sinalizar o que demostra o escaso inerece que teñen polos servizos que se prestan no noso concello. ¿Que xestións fixeron desde a aprobación da citada moción?.

Sr. Alcalde. Que lla contesta por escrito.

8.- Sr. Forján Seoane. Na Xunta de Goberno Local do 20.10.16, pto. 18, aparece a aprobación do gastos "Ediciones Bolanda SL, deseño, edición e impresión do libro "Os Bolechas fan o camiño de Santiago" 334-22699 por importe de 7.176 euros. ¿Cal é o motivo de investigar/gastar 7.176,00 euros no deseño, edición e impresión deste libro? ¿Estanse a repartir exemplares do mesmo desde a alcaldía?.

Sr. Alcalde. Contesta que este libro é para promocionar o Camiño de Santiago a Padrón, no que están todos de acordo.

Sr. Forján Seoane. Di que non sabe nada, só que se están repartindo eses libros na Alcaldía.

Sr. Alcalde. Contesta que se repartiron en Alcaldía, Centro Social, Concellerías, mandáronse a todos os colexios e estase dando conta agora que non llos mandou a eles. Que son para nenos.

9.- Sr. Forján Seoane. ¿Que foi/onde está o material deportivo que se atopaba no polideportivo vello detrás da portería que dá á piscina municipal?.

Sr. Alcalde. Di que lla contestará por escrito cando fale co concelleiro da área.

Sr. Forján Seoane. Di que segundo informacións está na piscina municipal.

10.- Sr. Forján Seoane. ¿Por que aínda non se procedeu a limpeza/corte e retirada da maleza que invade as beirarrúas de acceso a urbanización de A Azucarera así como a eliminación das plantas invasoras (Plumero de la Pampa, hierba de la Pampa, Cortaderia selloana) que se están a estender pola mesma e tamén por outras zonas do concello, chegando xa ao río Sar, a altura do Paseo do Espolón?.

Sr. Alcalde. Di que lla contestará por escrito.

Preguntas orais formuladas polo grupo político municipal de AxP.

1.- Sr. González Pardal. Pregunta se hai algunha actuación con respecto ás vallas do campo de fútbol do Flavia.

Sr. Alcalde. Contesta que non. Que directamente hai que retiralas.

2.- Sr. González Pardal. Pregunta si o goberno municipal ten constancia de que na Orde do Pemento retirou diñeiro dunha conta corrente xente que xa non está na Orde.

Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe.


3.- Sr. González Pardal. Pregunta se a Banda de Música vai actuar o Día da violencia de xénero, o Día de encendido do alumbrado de Nadal ou o Día da Traslatio.


Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe. Que este ano tivo actuacións por importe de 28.000 €.

4.- Sr. González Pardal. Pregunta se hai algún adianto no tema do ROM.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sendo as cero horas e cinco minutos, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.


O Alcalde Presidente
Asdo: Antonio Fernández Angueira


Secretaria
Asdo: Ana María Ares Álvarez